

no a los
REPORTES

LEITE. Unha treboada perfecta
ameaza o sector lácteo ▶ 6 e 7

MINARÍA. A Xunta denega o permiso para
explotar a mina de ouro de Corcoesto ▶ 12

22M-Marchas da Dignidade, macromanifestación cidadá en Madrid
Dous millóns de persoas asolagan Madrid na maior
protesta contra as políticas de austeridade ▶ 4, 24 e 25



FOUCE

Periódico labrego de información técnica e sindical - Ano XL - Nº 301 - Marzo/Abril 2014

LÁCTEOS TAMBRE PAGA AS SÚAS DÉBEDAS TRALAS ÚLTIMAS MOBILIZACIÓNS

▶ 9



A finais de abril, Lácteos Tambre saldaba as débedas que mantiña coas explotacións que a denunciaron por impagos tras máis de tres anos de litixios. A manifestación e a marcha de protesta que rea-

lizou o Sindicato Labrego Galego o pasado 14 de abril, en Siñeiro, puido ser o desencadente que obrigou á familia dos Sangiao a pagar tras desmantelar a empresa para evitar os embargos. Esas protestas produ-

cíanse despois de que, o 4 de abril, Brais Sangiao Ríos, membro do Clan dos Sangiao, agredise e ameazase ao noso compañeiro Xosé Manuel Calvo Rei, feitos que se denunciaron diante da Garda Civil.



A Vía Campesina centra as súas demandas para o 17 de abril, Día da Loita Labrega, na defensa das sementes

▶ 17

LEXISLACIÓN. As reformas da Lei do Solo e da que rexe as administracións locais serán lesivas para o rural ▶ 14,15 e 19

EUROPA. Intensa axenda coa asemblea da ECVC, os dereitos labregos e o Observatorio do Mercado Leiteiro ▶ 17 a 21

 **sindicato
labrego galego**
comisións labregas

A agricultura invisíbel

Xoán Carlos Carreira, Doutor Enxeñeiro Agrónomo e catedrático na Escola Politécnica Superior de Lugo

A mediados dos anos setenta do pasado século, a palabra de orde nas mobilizacións agrarias era “nós non somos empresarios, fora a cota empresarial”, unha reivindicación da condición de labrego (ou campesiño). Hoxe, un terzo de século mais tarde, parece que xa non existen os labregos/as, preferimos chamalos/as (e chamarse a si mesmos/as): gandeiros/as, viticultores/as,...

Evitamos falar da pequena explotación labrega familiar e minifundista. Só temos en consideración ás explotacións profesionais porque aquela, centro dos ataques de quen a vía como exemplo do noso atraso, foi arrombada e pouco a pouco fíxose invisíbel. Mais aínda existe. A miña intención neste artigo é contribuír a facer visíbel esta outra agricultura, a das labregas e labregos resilientes, que semellan non existir aos ollos da maioría. Tento contribuír a demostrar a importancia tanto do seu papel social como da súa produción agraria desprezada pola a maioría dos/as economistas pero fundamental para alimentar á poboación galega. Non pretendo facelo en contraposición ás explotacións profesionais (os/as gandeiros/as sobre todo) nin esquezo a súa importancia, pero estas si son visíbeis... e sería necesario outro artigo para analizar a situación na que se atopan e un

modelo produtivo con evidentes síntomas de esgotamento. Como indica o profesor Oliveira Baptista, a pequena explotación familiar é moi versátil. As persoas que traballan nelas fano por motivos moi diversos.

Para unhas pode ser fundamental o rendemento económico que poidan obter da explotación mais para outras pode selo o feito de que lle proporcionan vivenda e alimento. Pero ademais hai moitas outras razóns para estar interesado/a neste tipo de explotación agraria: identidade persoal, posibilidade de vivir nun medio que se coñece e/ou que gusta, expectativa de herdanza, etc.

En Galiza a produción agraria depende, en grande medida, destas pequenas explotacións familiares, de labregos/as que son considerados/as marxinais ou ben que non son “profesionais” nin aparecen nas estatísticas como activos/as agrarios. Unha análise moi sinxela indícanos que a practica totalidade das persoas que se dedican á agricultura viven en parroquias con menos de 2000 habitantes (con núcleos de menos de 300). Pero nestas mesmas parroquias viven preto do sesenta por cento dos/as xubilados/as e

dos/as traballadores da construción de Galiza, case a metade dos/as da industria e das persoas que se dedican á pesca e a terceira parte dos/as emprega-

dos/as do sector servizos. Como consecuencia, nos núcleos rurais, as persoas que oficialmente traballan na agricultura representan pouco máis da quinta parte.

Podíamos dicir pois que a inmensa maioría das persoas

que traballan no sector agrario viven nos núcleos rurais, pero que a maioría das persoas que viven nos núcleos rurais non se dedican “oficialmente” á actividade agraria. Sen embargo non son alleas á mesma. Desde o noso punto de vista, aínda que estea localizada no medio rural, a agricultura practicada por estas persoas, se a entendemos en sentido amplo, ten unhas características específicas que nos permiten cualificala como o que hoxe en día se denomina agricultura periurbana (e/ou urbana), unha agricultura aínda descoñecida tanto a nivel local como global, a pesares de que é un sector en rápido crecemento que, segundo a FAO, proporciona alimentos aproximadamente á cuarta parte da po-

boación urbana mundial (700-800 millóns de persoas). Da súa importancia en Galiza pode dar idea o feito de que, segundo as nosas estimacións, os/as labregos/as a tempo parcial, achegan aproximadamente a metade da unidades de traballo agrario (UTAs) a pesares de que semellan non existir nin para as políticas nin para a opinión pública.

Unha parte importante da produción das labregas e labregos das pequenas explotacións, uns marxinais outras invisíbeis, ten como destino o consumo propio (da familia e parentes) ou a venda en mercados locais. Este tipo de produción en grande medida non se incorpora á estrutura comercial hoxe dominante. Por esta razón, desde o punto de vista económico, ou ben simplemente non se valora ou ben non se fai axeitadamente. Sen embargo outra sinxela análise das características e destino deste tipo de produción, permítenos afirmar que é unha produción diversificada que se destina a alimentar aos galegos/as, en contraposición coas características da produción das medianas e grandes explotacións profesionais, nas que habitualmente centramos a nosa atención, que se pode definir como de monocultivo gandeiro (fundamentalmente leite) con destino á exportación.

O balance agroalimentario de Galiza é negativo. Este dato incuestionábel pódese comple-

“Esta agricultura invisíbel e desprezada non só segue a ser un dos nosos sinais de identidade senón que, hoxe en día, ten unha grande importancia económica e social”

FOUCE

EDICIÓN
Edicións Fouce, Departamento de Publicacións de Servizos Agrarios e Contables SL

COORDINACIÓN
Xosé García Rodríguez

CONSELLO EDITORIAL:
Isabel Vilalba Seivane, Tareixa Ledo Regal e Xabier Gómez Sánto.

DESEÑO E MAQUETACIÓN
Xosé García Rodríguez

COLABORACIÓN
Hipólito Pérez, Salvador Fernández, Xoán C. Carreira, Xabier Gómez, Isabel Vilalba, Conchi Mogo, Vera Montoto e Ramón Barreiro.

PECHE DE EDICIÓN 02-05-2014

ENDEREZO
Ofelia Nieto nº 13-23. Compostela 981 580 449
prensa@sindicatolabrego.com
www.sindicatolabrego.com

DEPÓSITO LEGAL C-749/88

NACIONAL Ofelia Nieto 13-23, Meixonfrío, Compostela. ☎ 981 554 147
COMPOSTELA Idem Nacional. ☎ 981 588 532
MELIDE Praza do Convento 2. ☎ 686 936 429
ARZÚA Padre Pardo 24, 1º D. ☎ 981 508 177
SANTA COMBA Aula 9 do Edificio Multiusos. ☎ 699 924 632
ORDES Alfonso Senra 117. ☎ 981 682 908
BETANZOS Cruz Verde 7, esquina praça Dona Agueda. ☎ 981 773 377
TEIXEIRO Martínez Pardo 13, 1º esq. ☎ 981 789 781
MOECHE Casetas da feira de Moeche. ☎ 698 125 154

VALDEORRAS Praza do Concello, edificio sindical 2, 1º, O Barco. ☎ 988 321 511
VERÍN Travesía de Sousas 20, Galerías Maga. ☎ 988 590 438
RIBADAVIA Virxe do Portal 11. ☎ 988 477 230
XINZO San Sebastián 16, baixo. ☎ 988 462 547
LUGO Miguel de Cervantes 47, ent. ☎ 982 231 154
SARRIA Bar Adaxa. Calvo Sotelo 133. ☎ 679 457 264
CHANTADA Emilia Pardo Bazán 11, baixo. ☎ 982 440 804
A FONSAGRADA Bar A Lúa. Rosalía de Castro 16. ☎ 698 157 379
RIBADEO Av. Calvo Sotelo 3, 1ºE. ☎ 982 130 615

LOURENZÁ Av. Fernández del Riego 5, 1º C. ☎ 982 121 376
VILALBA Rúa do Cuartel 1, ent. A, estrada de Meira. ☎ 982 512 431
MEIRA Xeneralísimo 47-49. Edf. Miño, ent. E. ☎ 982 331 714
A ESTRADA Gradín 1, baixo. ☎ 986 573 232
LALÍN Monte Faro 28, baixo. ☎ 986 792 268
SILLEDA Av. do Parque 32, centro comercial O Parque, of. 12. ☎ 986 580 526
PONTEAREAS Rúa Amieiros, portal 1º A, 1º C. ☎ 986 641 508
O ROSAL Ramón Franco, Edf. Rosales. ☎ 986 625 394
O SALNÉS Av. Bouza Matín 9, 1º. Barrantes (Ribadumia). ☎ 986 718 526

mentar, segundo as nosas estimacións, con outro: a agricultura profesional cobre pouco mais da terceira parte do noso consumo de produtos agrícolas. Sen embargo, si comparamos os datos da produción das arredor de 20.000 Has de hortas familiares (para consumo propio e local) e o consumo medio por habitante, podemos concluír que esta produción (que non contribúe ao PIB) está satisfacendo as necesidades de centos de milleiros de persoas. Por exemplo a produción de hortalizas para autoconsumo en Galiza esta entre 100-135 mil toneladas (Xunta de Galiza) e o consumo per cápita entre 50-70 quilos (Ministerio Agricultura). Así pois esa produción agraria non contabilizada que non chega as grandes areas comerciais nin a maioría das tendas podería estar alimentando como mínimo a un millón e medio de persoas (mesmo considero que as estimacións son conservadoras). É dicir, non só á xente que vive no medio rural senón tamén a unha parte substancial da poboación vilega e urbana, evitando, deste xeito, que a situación da Galiza deste o punto de vista da soberanía e/ou a suficiencia alimentaria chegue a ser catastrófica.

Se alguén se está preguntando como é posible isto, teño que lembrarlle que, aínda que a relación entre o tamaño das explotacións agrarias e a produtividade é un vello debate, hoxe en día a maioría dos datos evidencian que as explotacións máis pequenas producen moito máis por unidade de área que as grandes explotacións. A maior eficiencia da produción agrícola a pequena escala pódese considerar xeral en todo o mundo e



as nosas estimacións indican que en Galiza tamén se confirma a existencia dunha relación inversa entre tamaño da explotación e rendemento económico por hectárea. Algúns autores apuntan que, en todo caso, as grandes explotacións son máis eficientes por unidade de traballo (para eles o mais importante) aínda que non o sexan por unidade de superficie. Pola nosa banda non atopamos unha correlación significativamente positiva entre tamaño da explotación e rendemento económico por unidade de traballo para o caso galego, pero isto é o de menos, porque, desde o noso punto de vista o obxectivo a conseguir non debería ser tanto a maximización do beneficio individual das explotacións concentrando o traballo a renda nunhas poucas delas, senón mais ben o maior número de postos de traballo (e de explotacións) posíbel cun nivel de renda digno.

Seguramente que hai moitas persoas ás que lles pode sorprenden que falemos da eficiencia económica das pequenas

explotacións familiares que sempre foron consideradas atrasadas. Sen embargo compre lembrar que xa son varias as investigacións que cuestionan este mito demostrando que historicamente a agricultura galega non se pode cualificar como atrasada, nin moito menos. Como se ten descrito, tradicionalmente o noso sistema minifundista pretendía, desde o punto de vista produtivo, optimizar os rendementos dos cultivos tendo en conta a variabilidade do ecosistema, establecendo estratexias para usar os insumos necesarios na cantidade requirida, no sitio adecuado e no momento oportuno.

Curiosamente esta é a definición, mais ou menos textual, para a chamada “agricultura de precisión”, a mais moderna das agriculturas convencionais, que, na súa forma actual, apareceu en Estados Unidos nos anos oitenta.

Xa que logo. Non era o minifundio en Galiza unha agricultura de precisión e afortunadamente aínda o é en certa medida?

Mais a importancia das pequenas explotacións labregas familiares non se pode reducir á economía xa que cumpren outras funcións de grande transcendencia para a sociedade. As pequenas explotacións labregas familiares acollen como mínimo oito de cada dez persoas que traballan na agricultura e achegan a metade das unidades de traballo. Podemos estimar que xestionan entre un 65% e 80% da SAU e mesmo entre un 15 % e un 20% da superficie de monte, incluída a forestal (as explotacións agrarias profesionais por exemplo a penas xestionan o 2% do monte). As pequenas explotacións labregas familiares son pois in-

dispensábeis para ocupar e xestionar o territorio con todo o que isto supón. Pero ademais prestan importantes servizos ambientais e sociais (conservación da biodiversidade, do patrimonio material e inmaterial, etc.). En resumidas contas teñen enormes vantaxes comparativas para encaixar nos novos paradigmas mundiais que conciben a agricultura do século XXI como unha actividade que non só debe producir alimentos, fibras e materia prima para a industria, senón tamén servizos á sociedade.

Concluindo pois, non só hai gandeiros/as en Galiza. A pesares de todo tamén hai labregos/as que resistiron baixos diversas formas. Esta agricultura invisíbel e desprezada non só segue a ser unha dos nosos sinais de identidade senón que, hoxe en día, ten unha grande importancia económica e social pero, sobre todo, podería ter mais no futuro desde a perspectiva dos novos paradigmas agrarios que se abren paso a nivel mundial... si lle prestamos un pouco de atención.

Señora ministra e señora conselleira, “un pouco de por favor”

Estes días estamos a vivir o cambio no Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente do señor Arias Cañete pola señora García Tejerina, motivo polo que é habitual ver en diferentes medios múltiples valoracións deste feito. A nova ministra desenvolveu case a totalidade da súa carreira política como asesora de vellos coñecidos para os sectores agrícolas e gandeiros galegos como a ministra Loyola de Palacio, Jesús Posada ou o propio Arias Cañete.

Como actual secretaria xeral de Agricultura, García Tejerina tivo como direccións xerais adscritas a de Producións e Mercados Agrarios, a de Produción Agraria, a de Desenvolvemento Rural e Política Forestal e a da Industria Alimentaria. Nesta lexislatura foi a man dereita de Cañete na negociación da reforma da PAC e a súa implantación no estado español, e interlocutora, entre outros moitos temas, nas negociacións cos diferentes axentes da cadea alimentaria, dende as organizacións agrarias, a industria ou a distribución.

A actual ministra declarou textualmente, “a nova PAC vai permitirlles aos agricultores e gandeiros contar cun orzamento moi importante ata o ano 2020, e unha estabilidade e regras de xogo que nos van permitir un futuro próspero para o sector”.

Que o sector teña futuro, señora Tejerina, só é posible se hai un compromiso das institucións que nos gobernan coa consecución de prezos xustos e estables. Mais o penoso é que, ata o momento, o Ministerio preferiu manter os privilexios da industria e da distribución e permitir que se siga extorsionando aos produtores e produtoras con baixos prezos im-

postos unilateralmente. No articulado da Lei da Cadea Alimentaria que aprobaron recentemente non aparece ningún mecanismo eficaz cando non hai acordo nas condicións e nos pre-

zos dos contratos que chegan ás explotacións, e que acabe con abusos como os recoñecidos polos organismos de competencia de Galicia e Cataluña, polo Grupo Europeo de Alto Nivel do Sector Lácteo ou

mesmo pola Consello Económico e Social Europeo.

Fronte a esta Arcadia feliz dos nosos políticos, para os que semella que todo vai moi ben, boa parte da cidadanía ve como empeoran as súas condicións de vida ou, no caso dos sectores produtivos, séguense sen pór as medidas necesarias para evitar prezos baixos, impagos, subas continuas dos custos de produción, maior carga burocrática, etc.

Estes días temos bos exemplos de como as industrias leiteiras están chegando ás explotacións con contratos que conteñen baixadas de prezo e ameazando con que se non asinamos aínda van baixar máis. Onde están esas regras de xogo para garantir que non nos sigan impondo condicións abusivas? Onde están eses famosos mediadores ou mediadoras para que, en base a índices obxectivos nos que se teñan en conta os custos de

produción e marxes axeitadas para todas as partes da cadea, se configure un prezo xusto?

Outro dato que nos parece moi preocupante do currículo da señora García Tejerina foi a

súa participación como directora de planificación estratéxica da empresa Fertilberia entre 2004 e 2012 e, nese mesmo período, como conselleira da compañía mercantil alxerina

de fertilizantes Fertil S.P.A. Con estes antecedentes, asáltanos a dúbida dos posibles conflitos de intereses de alguén que no seu día representou ao lobby das empresas de fertilizantes, pero que hoxe debería representar os intereses dun modelo de produción de alimentos saudable e sostible a nivel social, económico e ambiental. Hai que dicir que este Ministerio tamén ten na actualidade as competencias sobre o Medio Ambiente.

Que dicir da tan cacarexada bondade da negociación dos fondos da Política Agraria Común?

Cando o obxectivo do equipo de Cañete foi manter o status quo do período anterior ou, falando en

“Que o sector teña futuro, señora Tejerina, só é posible se hai un compromiso das institucións que nos gobernan coa consecución de prezos xustos e estables. Mais o penoso é que, ata o momento, o Ministerio preferiu manter os privilexios da industria e da distribución e permitir que se siga extorsionando aos produtores e produtoras con baixos prezos impostos unilateralmente”

prata, unha auténtica estafa á cidadanía e ás explotacións agrarias familiares que son as que máis emprego achegan, tanto a nivel galego como a nivel estatal ou europeo. No estado español, segundo o estudo de Ecoloxistas en Acción, o 16% dos perceptores queda co 75% das axudas agrarias comunitarias, e de 900.000 perceptores e perceptoras da PAC só cotizan á Seguridade Social Agraria uns 300.000.

Na actualidade, tanto a concreción da aplicación da PAC (axudas acopladas no sector da carne e do leite, rexionalización, medidas de mercado, de-

SEGUE ▶



reitos de plantación...) como o Plano de Desenvolvemento Rural de Galiza para os próximos 5 anos, están sendo elaborados totalmente de costas ao sector, polo que comezamos a ter francas dúbidas de qué intereses están a defender tanto o Ministerio como a Consellería.

No sector do viño, as persoas produtoras de uva nas diferentes denominacións de orixe galegas enfróntanse a unha desprotección absoluta cando por parte das adegas non só se lles impoñen prezos de miseria, senón que se incumpren mesmo os contratos homologados asinados baixo a suposta supervisión da Consellería do Medio Rural ou deixan de xeito habitual impagos de uva.

Falta a primeira vez na que un representante da Consellería ou do Ministerio se poña a fronte nunha situación destas, garantindo algo tan básico como que a xente cobre o acordado polo seu traballo. En relación con este tema, o Sindicato Labrego Galego asinou coas outras organizacións agrarias, xa hai varias semanas, unha solicitude de entrevista coa Consellería para buscar solucións á difícil situación que están a vivir as viticultoras e os viticultores das distintas denominacións, e a día de hoxe a señora Quintana e o seu equipo seguen sen dar sinais de vida.

Ao consultarmos a paxina web da Consellaría do Medio Rural para coñecer o apertado programa de actividades da súa titular, xa que nada tivo que dicir sobre a caída de prezos do leite, sobre o retraso do cobro nas axudas da PAC, sobre a problemática das razas autóctonas, os problemas co saneamento gandeiro, os problemas dos contratos homologados, a quebra de Alimentos Lácteos, e un longo etcétera; descubrimos con sorpresa que a señora conselleira, nestas últimas semanas, repartiu todo o seu tempo entre ser embaixadora do melindre de Melide, ser anfitriña nunha visita do Basque Culinary Center e contestar unha pregunta sobre se tiña ou non un mínimo de duración o contrato do leite, amén dalgún acto, non moitos, do sector pesqueiro. Señoritas ministra e conselleira, un pouquiño de por favor. Saiban que teñen responsabilidades co sector produtor e coa sociedade no seu conxunto. **FIN ■**

Agroecoloxía: A transformación social dende a produción de alimentos e a loita labrega

Documento aprobado na Asemblea Anual da ECVC en Evenstad

Este documento quere axudar a definir o concepto de agroecoloxía dende a visión das labregas e labregos da Coordinadora Europea da Vía Campesina.

Somos produtoras e produtores de alimentos e entendemos a agroecoloxía como un xeito de vivir e de relacionarnos co noso entorno. É o noso camiño para avanzar cara a soberanía alimentaria.

Entendemos a agroecoloxía como un proceso de transformación, persoal e colectivo, e vai máis alá da aplicación de técnicas ou prácticas agroecolóxicas. O compromiso de querer seguir avanzando neste proceso é o que nos une, sen exclusións. Un proceso que mira unha agricultura baseada na autonomía labrega, a independencia do petróleo e doutras enerxías fósiles. Así como unha agricultura sen OXMs, sen patentes nin agroquímicos.

A agroecoloxía require dunha visión integral, adaptando os procesos e as prácticas ás diferentes realidades que vivimos, sen cuantificalos. Por iso, é un concepto que vai evolucionando e mudando en tódolos aspectos da vida. Mediante estes seis principios queremos amosar parte da súa esencia.

1. O sentimento: O sentimento labrego é unha parte esencial da agroecoloxía e está baseado na conciencia, o amor e o respecto á terra, aos bens comúns, á natureza e a tódalas formas de vida.

2. Diversidade e biodiversidade: A agroecoloxía favorece a biodiversidade como a harmonía e as sinerxias entre diferentes sistemas, naturais, sociais e culturais. A agroecoloxía concibe, desenvolve e conserva ecosistemas agrícolas prioritariamente baseados na diversidade local e nas interaccións entre eles.

3. Saberes labregos: A agroecoloxía protexe, comparte, pon en común e en práctica os saberes tradicionais labregos dentro do seu

contexto e realidade. Valoriza a transmisión interxeracional e o intercambio entre persoas labregas, e impulsa a innovación mediante a observación, a creatividade e a continua aprendizaxe para dar resposta aos novos retos.

4. Comunidade: A agroecoloxía recupera e reforza a confianza e a cooperación dentro e entre comunidades, grandes ou pequenas, rurais e urbanas. A agroecoloxía supón un cambio de valores que implica pasar do individualismo á cooperación, defender as relacións sociais igualitarias e recuperar o sentido comunitario. Afirmamos a necesidade dun recoñecemento mutuo entre as labregas e labregos, por unha banda, e a comunidade; amais da recuperación da dignidade do noso traballo.

5. Dereitos labregos: Os nosos dereitos como labregas e labregos, como e o acceso ás sementes, á terra, á auga e a outros bens comúns, son un requisito esencial para a agroecoloxía. A agroecoloxía impulsa unha descentralización do poder, recuperando a autonomía das labregas e labregos. O modelo agroecolóxico respecta a agricultura local doutros lugares e comunidades; é solidario e está comprometido con tódalas rexións e cos labregos e labregas do mundo. A agroecoloxía é, ademais, unha das ferramentas que permite arrefriar o planeta e contribuír, dese xeito, á loita contra o cambio climático.

6. Loita e transformación social: É necesaria a articulación labrega e o fortalecemento das nosas bases para avanzar na nosa proposta política. A agroecoloxía xunto coas loitas labregas é unha resistencia lexítima no noso día a día e na construción da soberanía alimentaria.

**NON DEIXEMOS QUE NOS SEPALEN!
A NOSA AGRICULTURA TEN MOITOS
NOMES PERO UN SÓ CORAZÓN:
A AGRICULTURA LABREGA**



LEITE ▶ Os 40 céntimos de media a que se cotizou o leite ultimamente e o estancamento dos custes animou a moitas explotacións a endebedarse para producir máis

Débeda, caída de prezos e suba de custes: un trebón perfecto ameaza o sector lácteo

O exceso de produción xa se está a traducir nas primeiras baixadas no valor en orixe mentres os insumos comezan a subir

Até inicios de 2014, o sector lácteo galego estaba a vivir un momento doce grazas a un bo nivel de prezos que acadaban unha media, no contexto da Unión Europea, ao redor dos 40 céntimos por litro. Ademais, despois de vivirmos subas continuas dos custes de produción, especialmente nos concentrados para alimentación animal, semella que agora eses gastos se manteñen estables.

Porén, a partir de febreiro comezaron a aparecer as primeiras nubes da que podería ser unha grande treboada ao anunciárense as primeiras baixadas nos prezos e xurdir factores que indican que o gasto en insumos podería volver dispararse.

Lonxe de tentar aproveitar a conxuntura para fixar unhas bases sólidas no sector que consoliden un bo nivel de prezos, tanto dende os poderes políticos como dende as explotacións, estase actuando xusto na dirección contraria, xusto naquela que nos levou a fortes crises como a padecida no ano 2009. E esa dirección errónea ten un nome: exceso de produción.

En efecto, animadas polo bo nivel de prezos, algunhas das principais produtoras de leite da UE como Alemaña, Holanda, Dinamarca ou Irlanda, están aumentando a súa produción para facer caixa. Nesta carreira por ver quen apaña máis cartos a curto prazo, as explotacións galegas puxéronse á cabeza do Estado, superando en febreiro a súa cota leiteira para a campaña 2013-2014. É sintomático que, a



Imaxe de arquivo das folgas do sector lácteo en 2009, motivadas tamén por unha caída dos prezos debido ao exceso de produción.

nivel de Estado, a previsión é que non se supere a cota; sen embargo, con Galiza actuando de locomotora, España aumentou a súa produción de leite en marzo, con respecto ao ano pasado, nun 7,6% (na Galiza o aumento foi do 10,3%). Aínda que na Galiza os 4 primeiros meses da presente campaña (de abril a xullo de 2013) houbo unha produción inferior con respecto ao mesmo período da campaña pasada; a partir de aí a produción aumentou de maneira que, entre agosto de 2013 e marzo de 2014, producimos 104.161 toneladas de leite máis que no mesmo período da anterior campaña.

Este exceso de produción, como ten acontecido sempre no pasado, sabemos que é pan para hoxe e fame para mañá. Ben é sabido que contra máis se produza, máis tenden a baixar os prezos. Pero na Galiza semella que non aprendemos a lección, e estamos a constatar que moitas explotacións estanse endebedando de novo para producir máis coa compra de máis vacas para aumentar a súa cabana gandeira, coa ampliación das cortes e incrementando os custes.

✓ Varios factores conflúen no peor dos escenarios

Son moitos os factores que poden botar por terra os prezos do leite outra vez. O primeiro, é que a economía se move por ciclos, o que fai que as situacións de bonanza non sexan eternas. Que podería afundir agora a rendibilidade da produción láctea?

▶ **O exceso de produción.** No intre que produzamos máis leite do que se dea comercializado, os prezos caerán. Isto non vai ser difícil na Unión Europea, onde o consumo interno de lácteos está cuberto e estabilizado dende hai 20 anos; calquera exceso de produción irá destinado a exportarse a prezos moi baixos fortemente subvencionados. En canto á baixada de prezos, xa se comezou a producir e as explotacións galegas comezaron a recibir en febreiro as primeiras comunicacións ao respecto. Non hai que ir moi lonxe para ver o que pode pasar de seguirmos nesa dirección: a crise do sector lácteo que afectou en 2009 a toda a Unión Europea naceu, precisamente, do exceso de produción.

▶ **A crise en Ucraína e a forte mingua na colleita de soia en América Latina.** A nosa cabana gandeira está alimentada, maioritariamente, por soia e millo transxénicos importados de América, polo que o conflito entre Rusia e Ucraína, tradicionalmente considerada o celeiro de Europa, non nos debería afectar. Sen embargo, este conflito xa provocou que se disparase o prezo do trigo na Bolsa de Chicago e podería influír nunha alza especulativa dos cereais e das leguminosas a escala global.

O que nos afecta máis directamente é a estimación á baixa da produción mundial de soia, que podería caer 1'3 millóns de toneladas na campaña 2013-14 debido, sobre todo, a unha mingua da colleita no Brasil de 1 millón de toneladas. Por se non abundase, a colleita de millo e soia en Arxentina é moi probable que se vexa fortemente reducida por mor do impacto das fortes choivas; estímase que só na parte central deste país se perderon 1 millón de toneladas de soia. A comezos de abril, na Bolsa de Chicago xa estaban a cotizar á alza a soia e o millo, o que sen dúbida repercutirá directamente no prezo da alimentación animal na Galiza e na mingua de beneficios da produción leiteira.

▶ **Os custes enerxéticos seguen á alza:** Aínda que os custes en alimentación animal se estabilizaron nos últimos tempos, outros gastos que tamén son moi importantes para calcular a rendibilidade da produción leiteira seguen en aumento, nomeadamente os enerxéticos, como a electricidade e o gasóleo, cuxa tendencia segue sendo alcista. **SEGUE ▶**

A fin das cotas arruinará milleiros de explotacións en toda a Unión Europea

A medio prazo, a inminente desaparición do sistema de cotas sen que haxa instrumentos de control da produción e do mercado alternativos, permitirá que superexplotacións con miles de cabezas de gando inunden o mercado con leite a baixo prezo, o que sen dúbida arruinará miles de granxas pequenas e medianas e fará desaparecer a produción leiteira en moitas zonas de Europa que actualmente viven dela: Galiza e a Cornixa Cantábrica, pola dimensión media das súas granxas, están entre as candidatas. Ademais, os fortes investimentos que se están a facer agora para producir máis, poderían converterse o día de mañá nunha débeda insostible que arruíne a máis dunha familia gandeira. O caso de Suíza é ben expresivo ao respecto: tras abandonar as cotas, aumentou a produción de leite nun 7%, ao tempo que os prezos sufriron caídas entre o 20% e o 30%.

✓ Conxuntura de bonanza diante das Eleccións Europeas?

A pesares de que o exceso de produción, as primeiras baixadas de prezo e as previsións de custes apuntan a unha treboada perfecta que pode afundir de novo o valor do leite, dende a Comisión Europea ven a situación como positiva. Para a Comisión, o aumento de produción é bo por ir acompañado dun nivel aceptable de prezos e porque, cando se eliminen as cotas en 2015, a produción non aumentará por terse incrementado xa nesta campaña.

A análise da Comisión non ten nin pés nin cabeza á luz dos datos que analizamos e hai quen comeza a pensar se non estaremos a vivir unha situación de bonanza artificial creada entre os poderes políticos comunitarios, as industrias e as distribuidoras. Pensando mal, as eleccións ao Parlamento Europeo poderían precisar dunha situación de bonanza que anime a ver o Mercado Común como algo positivo, especialmente nos sectores agrogandeiros, que adoitan ser os máis castigados polas políticas comunitarias, que teñen provocado o peche de centos de miles de explotacións e desertizado o medio rural. Manter a situación actual tamén semella favorable para candidatos como o Ministro de Agricultura, Miguel Arias Cañete que, amais de multar á industria láctea por pactar prezos en plena precampaña cando as súas decisións políticas teñen favorecido esa situación, aproveitará a conxuntura actual para falar ben da Política Agraria Común, da mesma PAC da que ten cobrado máis de 400.000 euros grazas ás propiedades da súa esposa terratenente. Mais unha vez que as Eleccións Europeas pasen, o sector lácteo seguirá a camiñar pola corda frouxa, pero agora sen rede de protección fronte a unha eventual caída que, de seguir así as cousas, máis cedo que tarde acontecerá.

FIN ■

SLG ▶ A súa participación nas Eleccións Europeas é incompatible coas responsabilidades sindicais

Lidia Senra Rodríguez dáse de baixa na Executiva do SLG

Lidia Senra Rodríguez deuse de baixa na Executiva do SLG o pasado 31 de marzo, tras facerse efectiva a súa inclusión nunha candidatura política que concorre ás Eleccións Europeas, o cal é incompatible con

formar parte deste órgano directivo. Senra ocupábase das relacións exteriores, e a persoa substituta á fronte desta responsabilidade será elixida na vindeira xuntanza da Dirección Nacional.

LEITE ▶ As principais industrias do Estado acusadas de repartirse o mercado do leite cru e pactar prezos

A CNMC abre expediente sancionador a lácteas afincadas en Galiza

Están implicadas, entre outras, Nestlé, Puleva, Río, Celta, Feiraco, Central e Asociación de Empresas Lácteas de Galicia

O Sindicato Labrego Galego expresou as súas reservas diante da decisión da Comisión Nacional de Mercados e da Competencia (CNMC) de ampliar o expediente sancionador a varias industrias leiteiras galegas por intercambiar información e chegar a acordos para repartirse o mercado e fixar os prezos do leite. Estas reservas fundaméntanse en que, dende hai moitos anos, é precisamente a CNMC quen torpedea sistematicamente calquera solución ou medida política para rematar con estas prácticas mafiosas da industria. Así o fai sempre que, nas mesas do leite ou na Interprofesional Láctea, se negocia para acadar prezos xustos no sector; ou así o fixo ao impedir que a Lei da Cadea Alimentaria prohibise vender por baixo dos custes de produción. Cómpre lembrar que a CNMC, lonxe de ser un organismo independente, forma parte do organigrama do Ministerio de Economía e os seus cargos son elixidos polo Goberno.

Que as industrias lácteas teñen prácticas habituais como repartirse as explotacións que lles fornecen de materia prima, pactar prezos entre elas ou impoñer valores ao leite por baixo dos custes de produción, é algo que o SLG e todo o sector levamos denunciando décadas sen que a CNMC fixese nunca nada salientable por evitalo. Se as nosas denuncias non abundaban, tamén estaban as de organismos oficiais como os consellos da competencia de Galiza

e Cataluña, o Grupo de Alto Nivel para a elaboración do paquete lácteo da Unión Europea ou o Consello Económico e Social Europeo; todos eles xa teñen chamado a atención sobre as prácticas devanditas. Que a CNMC ampliase o expediente sancionador ás industrias lácteas xusto na véspera dunhas eleccións europeas nas que o candidato do Partido Popular acabou sendo o, daquela, ministro de Agricultura, Miguel Arias Cañete, semella un lavado de cara de quen levan toda a vida permitindo a extorsión empresarial no sector leiteiro e, cando menos, é unha decisión sospeitosa.

Impoñerlle multas ás industrias sancionadas non só non vai solucionar o problema, senón que podería acabar repercutindo negativamente nas explotacións, pois as empresas afectadas poderían pensar en baixar o prezo do leite para compensar as sancións nos seus libros de contabilidade. Ademais, este expediente esquece a outro dos actores fundamentais na extorsión ás explotacións lácteas: a distribución. E é que as grandes cadeas de supermercados, con prácticas que deberían ser ilegais como a venda de leite a perdas como reclamo, teñen boa parte da responsabilidade dos prezos de miseria que as industrias pagan ás explotacións. Se o Goberno realmente quere facer algo útil polas explotacións lácteas, que reforme a Lei da Cadea Alimentaria para prohibir as prácticas da industria que agora sanciona a CNMC e poña coto ás ilegalidades da distribución; calquera outra medida non pasa de brinde ao sol que botará máis incerteza e inseguridade nas nosas explotacións.

Maquinaria agrícola e seguridade vial: o risco de envorco con tractores

Co financiamento de:

XUNTA
DE GALICIA

✓ ENVORCOS LATERAIS

- ▶ Conducir sempre o tractor a unha distancia prudencial das zonas do terreo que por presentar desniveles (gabias, canais, regueiras, ribazos, cunetas, etc.)
- ▶ Ao iniciar o descenso por unha pendente, sobre todo se o tractor arrastra un remolque cargado, poñer a velocidade máis curta.
- ▶ Cando se circula transportando remolques excesivamente cargados e sen sistemas de freado independente, evitárase a parada brusca do tractor.
- ▶ Ao realizar labores de arado levántase o apeiro ao efectuar os xiros ou cambios de sentido, co fin de evitar empurres do terreo
- ▶ Sempre que os labores a realizar o permitan, utilízase a máxima anchura de vía posible, tanto nas rodas traseiras coma nas dianteiras, co que se mellora a estabilidade.
- ▶ En circulación normal, os pedais de freo deberán levarse bloqueados mediante o fe-

rrollo de bloqueo.

- ▶ A circulación entre parcelas a distinto nivel debe facerse sempre por accesos adecuados construídos a tal fin, e nunca remontando ou descendendo o ribazo ou parede de desnivel
- ▶ Procurárase evitar a circulación por fochancas ou calquera outra elevación ou depresión do terreo.

✓ ENVORCOS CARA A ATRÁS

- ▶ Elixir apeiros apropiados ao tipo de tractor empregado de forma que non ofrezan excesiva resistencia ao avance del tractor
- ▶ Evitar tamén a suba de pendentes fortes transportando apeiros pesados suspendidos ou remolques excesivamente cargados, lastrándose adecuadamente o eixe dianteiro.
- ▶ En terreo con forte pendente, ao realizar cambios no sentido da marcha, compre manobrar lentamente de forma tal que a parte dianteira do tractor quede sempre na

parte máis baixa do terreo .

- ▶ Independentemente das normas adoptadas para evitar o empinamento do tractor, en caso de iniciarse este, deberase pisar inmediatamente o pedal de embrague para que o tractor volva á súa posición normal .
- ▶ Ao enganchar o remolque ao tractor procurárase que o punto de enganche quede o mais baixo posible.
- ▶ Cando en traballos de labor se encontre unha resistencia acusada no terreo que impida a marcha normal do tractor, non forzalo acelerando e embragando bruscamente .
- ▶ A utilización de apeiros con desenganche automático evita os riscos procedentes das resistencias acusadas.
- ▶ Cando o tractor sufra un atasco no terreo, nunca debemos tentar sacalo colocando debaixo das rodas motrices obxectos tales como ramas, pedras, etc. (Risco de empinamento).

365
días de
Tranquilidade

The graphic features a spiral-bound notebook with a collage of various agricultural and rural scenes, including fields, trees, and farm animals, arranged in a stepped pattern around the central text.

O Seguro do Campo é a nosa vida, dende hai case 30 anos. A Nosa experiencia, ao teu carón, convértenos no **grande especialista en Seguros Agropecuarios** deste país e permítenos ofrecerche o mellor asesoramento e condicións para a escolla do teu Seguro.

En **AGROMUTUA** queremos premiar a túa confianza no sorteo, entre tódolos asegurados, de

**12 PÓLIZAS
TOTALMENTE
GRATIS**, unha
cada mes, cun
custe de póliza
máximo de até
6.000 € cada
unha.

**Para que
desfrutes os
365 días de
Tranquilidade,
GRATIS!**

Consigue
a túa Póliza
Gratis!

Bases da Promoción en
www.agromutua.es/promo

☎ 902 50 44 43 ➡ www.agromutua.es

AGROMUTUA
O Noso Seguro en Tódolos Campos





LEITE ▶ A agresión de Brais Sangiao ao compañeiro Xosé Manuel Calvo e a teima da empresa en evadir a acción da xustiza ao manter os impagos propiciaron unha marcha de protesta en Oroso o 14 de abril

Lácteos Tambre salda as débedas coas granxas tralas últimas protestas do SLG

Ademais da manifestación, pediuse o apoio do pleno de Oroso ás explotacións e denunciáronse posibles vertidos ilegais ao río

O Sindicato Labrego levou a cabo unha manifestación en Oroso, o 14 de abril, para denunciar a teimuda actitude dos empresarios Sangiao -Ramón Sangiao Gómez (pai e patriarca do clan) xunto a Ramón e Brais Sangiao Ríos (fillos)- que, á fronte da desmantelada Lácteos Tambre, mantiñan pendentes de pagar varias entregas de leite a numerosas explotacións gandeiras dende inicios de 2011. A pesares das sentenzas xudiciais en contra, das ordes de pagamento e dos embargos, o Clan dos Sangiao está a eludir a acción da xustiza grazas a unha rede empresarial creada para esta fin e que lles permite seguir operando impunemente no mercado do leite a través de firmas como Lácteos Merza SL, até comezos de 2013, ou Logística Alimentaria, na actualidade.

A manifestación comezou cunha concentración diante da casa consistorial de Oroso e coa entrega dun escrito pedindo do pleno municipal o seu apoio ás explotacións afectadas polos impagos e denunciando posibles vertidos contaminantes da factoría de Penateixa ao río Tambre.

A todas estas denuncias, hai que engadir a presentada diante da Garda Civil, o 4 de abril, trala agresión e ameazas de Brais Sangiao Ríos a Xosé Manuel Calvo Rei, gandeiro e membro da Executiva do SLG que está a defender ás explotacións estafadas.

✓ **Que paguen ou que lles retiren a licenza para mercar**

Na súa intervención, a secretaria xeral do SLG, Isabel Vilalba Seivane, dirixiuse ás administracións públicas “porque semella que hai empresarios que teñen total impunidad para converter Galiza no país da fraude e da estafa. A historia do Clan dos Sangiao vén de vello: xa estiveron implicados na fraude do gasóleo e do leite negro, tiveron denuncias veciñais polos verquidos ao

Tambre, manteñen durante anos impagos ás explotacións... Con este historial, entendemos que as administracións deben estar da parte da xente que traballa cada día para vivir dignamente,

e non da parte dos defraudadores”. Isabel Vilalba esixiu “que deixen de apoiar a esta empresa: ou pagan o que mercan, ou que lles retiren a licenza de primeiros compradores”.

“Non pedimos esmola; pedimos o que é noso, o que nos están roubando”

Trala concentración diante do concello, fíxose unha marcha até a factoría dos Sangiao, en Penateixa. Ese día, as instalacións estaban pechada, coa placa de Lácteos Merza oculta, sen os camións cisterna de Riossangiao.com, sen actividade aparente e cos coches de alta gama dos donos (Jaguar, BMW, Audi, etc...) fóra da vista.

A pesares de que non deron a cara, Isabel Vilalba tivo unhas palabras para os Sangiao: “Queremos dicirlle a estes empresarios que non lles imos consentir estas prácticas, que só imos calar cando paguen as súas débedas. Sexa con Lácteos Tambre, Lácteos Merza ou Logística Alimentaria, a estratexia do Clan dos Sangiao para eludir a acción da xustiza non lles vai servir de nada. Imos insistir e imos vernos máis veces. A seguinte ocasión na que falaremos será na fiscalía, poñendo sobre a mesa toda a rede de firmas e marcas comerciais que utilizan para non pagarlle á xente o que lles deben. Non vimos pedir esmola; vimos pedir o que é noso, o que esta xente nos está roubando”.

A finais de abril, producíanse os mandamentos de pago de tódalas débedas que Lácteos Tambre mantiña coas explotacións, tras máis de tres anos de litixios. Dende o SLG queremos felicitar ás explotacións afectadas pola valentía e enteireza que demostraron á hora de denunciar a actitude inaceptable destes empresarios e de perseverar durante todos estes anos até que se fixo xustiza.

Manuel Carrera ▶ Vocal do SLG no Consello Regulador de Rías Baixas

Manuel Carrera é un experimentado viticultor vinculado, dende sempre, á denominación de orixe Rías Baixas. Capataz de Adegas Galegas durante 20 anos, acabou dando o paso a viticultor, traballando hoxe en día algo máis de 2 hectáreas, de Albariño en réxime de aluguer. Hai un ano, foi elixido vocal da subzona do Condado no consello regulador.

“Debemos controlar os excesos de produción polo ben de Rías Baixas”

✓ Que destacarías do teu primeiro ano como vocal do consello regulador?

Neste comezo de ciclo, eu destacaría o debate que tivemos sobre os volumes de produción. Agora mesmo, hai demasiada produción con respecto ás vendas de viño que ten a denominación de orixe. Levamos uns anos producindo demasiado: os 30 millóns de quilos de 2013, ou os 41 millóns de 2013 son bos exemplos disto. De feito, aínda hai almacenados 2 millóns de litros de viño sen vender nas adegas da vendima de 2011.

✓ Supoño que a clave está no límite produtivo por hectárea.

Si. Agora mesmo, o límite está en 12.000 quilos de Albariño por hectárea. O Sindicato Labrego, xunto a un grupo de técnicos e adegas do sur da denominación de orixe, pedimos unha redución a 11.000 quilos por hectárea. Por outra banda, hai produtores e adegas da zona do Salnés que pedían elevar o límite a 15.000 quilos por hectárea no 2011 e agora defendían subir a 13.000. Ao final, acordamos deixar as cousas como están, en 12.000 quilos.

✓ É normal este baile de cifras nos rendementos?

En anos excepcionais, como foi 2011, o consello regulador amplía un pouco o límite para dar cabida ao aumento da produción sen que haxa mingua da calidade. Ese ano ampliouse a 13.500 quilos por hectárea. Todo isto vai rematar, pois dende a Comisión Europea non queren permitir aumentos do límite produtivo en anos excepcionais.

De todos xeitos, cada vez é máis ampla a opinión de viticultores e viticultoras e adegas de que debemos controlar a produ-



Manuel Carrera traballa dúas hectáreas e media de viñedos, maioritariamente de uva Albariño, no termo municipal de Salvaterra de Miño (DO Rías Baixas)

ción e non excedernos polo ben da denominación de orixe. Mesmo o presidente da DO, tamén adegaieiro, é desta opinión e tenme comentado que a uva non pode ter valores tan baixos como os 80 céntimos a que se ten cotizado o quilo de Albariño.

✓ É un prezo baixo para unha uva de calidade.

Pois foi ao que se pagou na zona de Cambados, mesmo co IVE incluído. Eu teño falado con viticultores que chegaron a vender a 60 céntimos. Polo Condado, os prezos foron algo mellores, ao redor de 1 euro o quilo.

✓ Cal sería un valor normal da uva para alguén que se dedique profesionalmente á viticultura en Rías Baixas?

Os valores deste ano, ao redor de 1 euro, poden pasar se temos

unha colleita boa en volume e calidade. Non é que lle saques moita ganancia, pero vas pasando. O que está claro é que non podes manterte indefinidamente con este nivel de prezos. Para min, un prezo rendible para a uva Albariño debería andar en torno a 1'40 euros o quilo se queres dedicarte profesionalmente á viticultura.

✓ A ese prezo xa se ten pagado a uva en Rías Baixas.

A ese prezo e a máis. A uva Albariño tense pagado a 500 pesetas o quilo (3 euros na actualidade), a finais dos anos 90. Cando traballaba de capataz de Adegas Galegas, temos pagado uva a ese prezo e mesmo a máis.

E durante varios anos, a uva Albariño estivo pagándose a 300 pesetas o quilo, mesmo co prezo

fixado por contrato e cunha calidade media inferior á actual. Debemos ter en conta que, daquela, aínda se utilizaban as pesetas e os prezos estaban máis baixos que cando se comezou a utilizar o euro e todo se encareceu. Sen ir tan lonxe, eu vendín a uva a 1'80 euros o quilo en 2010, hai tan só 4 anos. Dende este punto de vista, a produción récord de 2011 marcou un antes e un despois, poñendo os prezos á baixa, o cal unido á caída do consumo no Estado por mor da crise e ao corte de financiamento dos bancos provocou unha treboada perfecta da que aínda estamos saíndo en Rías Baixas.

✓ Pois a culpa non se lle pode botar ás vendas, agora que se comercializa máis viño.

Certo. Actualmente véndese moito máis viño en comparación con anos pasados, e expórtase moito máis. O problema é que agora estase a producir moita máis uva, de aí os excesos de produción e a consecuente baixada de prezos.

✓ Comentaches que a crise influíu na baixada do consumo de viño.

Non hai dúbida que a crise afectou sobre todo ao mercado interno a nivel de Estado. As exportacións non se resentiron, e mesmo aumentaron, e son as que nos están a salvar agora mesmo. O consumo de viño no Estado español caeu en picado, tanto pola crise como pola falta de hábito de consumo na xente máis nova, de maneira que o 50% do Rías Baixas que se consume no mercado estatal mercámolo en Galiza. Creo necesario potenciar o consumo interno de viño para non depender tanto das exportacións. **SEGUE ▶**

“Só haberá unha viticultura forte e de calidade na DO se hai prezos dignos para mantela”

✓ Nas actuais circunstancias, como van os contratos?

Este ano quedaron en comezar a traballar o contrato en Rías Baixas con antelación suficiente á vindeira vendima. Creo que un contrato que fixe un prezo e unhas condicións entre dúas partes sempre é bo, aínda que Competencia nos queira facer crer que non se poden pactar prezos, pois sempre dá máis seguridade nas relacións coas adegas.

✓ Falando de seguridade comercial, segue a haber problemas de impagos?

Hai de todo. Hai adegas que pagan ben e con estrita puntualidade; pero hai outras que non. Teño constancia dalgunha que acumula até 2 vendimas sen pagar. Un dos problemas de Rías Baixas é que hai moitas explotacións vitícolas rexentadas por persoas xubiladas que, ao non vivir dos ingresos da uva, tanto lles ten que lles paguen puntualmente como con atraso. Mais para a xente que nos dedicamos profesionalmente á viticultura e traballamos unha extensión considerable de viñedos, os atrasos son inasumibles, pois temos que enfrontarnos a moitos gastos para coidar e cultivar as vides.

✓ Para rematar, cales son as liñas mestras do traballo que está a desenvolver o SLG no consello regulador?

O noso principal obxectivo é defender prezos dignos para a uva. As adegas e o sector viticultor están condenados a entenderse neste particular, pois ás empresas lles segue a resultar máis rendible mercar a uva que ter viñedos propios con tódolos gastos, recursos e preocupacións que iso implica. Dende ese punto de vista, as adegas son as primeiras interesadas en que haxa unha viticultura forte e de calidade en Rías Baixas, cousa que só poderá ser se hai prezos dignos para mantela.

FIN ■


VIÑO ▶ O autor deste branco é Bernardo Estévez Villar, actual responsable do sector vitivinícola no Sindicato Labrego que rexenta unha explotación en Arnoia

O Ribeiro Issué 2010 recibe o Premio Magnum ao mellor viño galego do ano

Cunha pequena e coidada produción de 3.000 botellas, impúxose a grandes adegas con máis recursos e medios

O Issué 2010 vén de ser recoñecido co premio Magnum ao mellor viño do ano. O seu autor, o compañeiro e responsable do sector vitivinícola no SLG, Bernardo Estévez, recolleu o galardón o 18 de marzo, nunha gala organizada na Cidade da Cultura polo promotor do certame, o Instituto Galego do Viño.

Este premio recoñece un viño de autor que parte de premisas como unha insubornable aposta pola calidade. Para Bernardo “o Magnum foi un recoñecemento a unha visión diferente cara ao agro, onde o que debe primar é a formación e a busca do mellor para o entorno e o mellor para o viño”. Unha das claves desta visión é facer da actividade profesional unha parte indisoluble dese todo que é a vida do viticultor ou da viticultora, pois “as cousas non se tratan de forma illada, non se deben discriminar os factores que rodean a vida dun labrego: cultivo, familia, tempo libre, etc. Hai que procurar que todo en-



O trofeo polo Magnum acabou este ano nos viñedos de Arnoia de Bernardo Estévez

caixe para que o resultado daquilo que ansiamos sexa máis gratificante”. Neste xeito de entender a actividade vitivinícola “moito ten que ver a visión sempre afastada do “normal” que, dende hai moitos anos, defende o SLG: independencia, autosuficiencia, conciencia, traballo duro e moita formación. Foi o que dende hai 13 anos escoitei e tentei practicar e, aínda que os resultados económicos non sexan os óptimos, penso que imos polo bo camiño”.

Trátase dunha maneira diferente de abordar a agricultura, na que “non todo é investir, gastar, medrar”. Evidentemente,

calquera proxecto esixe investimentos “pero de forma moi seria, segura, buscando sempre a autosuficiencia, e sabendo que o arranque da actividade económica no mundo do viño é lenta e dura e prolongase, ás veces, durante demasiados anos; por iso, ser cauto é un acerto”.

O mérito do Issué, cunha pequena e coidadosa produción de 3.000 botellas, é máis grande se temos en conta que competía contra adegas con moitos máis recursos e financiamento como Forxas do Salnés, Zárata ou Rafael Palacios, aspirantes finais, xunto co Issué, ao premio Magnum ao mellor viño galego.

Para saber máis, ver entrevista a Bernardo Estévez Villar na contraportada do Fouce 298 ou visitar a web aterraagradececho.com

D.O. VALDEORRAS ▶ Recoñecemento unánime a un dos principais impulsores do cultivo da uva Godello

Homenaxe do sector do viño a Horacio Fernández Presa

En Valdeorras organizouse unha homenaxe a Horacio Fernández Presa, antigo xefe da Oficina Agraria Comarcal de Valdeorras-Trives e impulsor do plan Revival (Reestruturación de Viñedos de Valdeorras) co que se recuperou a case extinta

uva Godello. A homenaxe será na Casa Grande de Viloiira, no Barco, o 23 de maio ás 20:30 horas. Para asistir, hai que retirar antes a entrada; custa 10 € e podes obtela na oficina do SLG no Barco (praza do Concello, edificio sindical 2, 1º).



A LOITA CONTRA AS MINAS ▶ A Declaración de Impacto Ambiental favorable segue vixente, polo que a empresa podería seguir adiante se obtén financiamento

A Xunta denega a Edgewater o permiso para explotar a mina de Corcoesto

A compañía canadense afirmou nun comunicado que está a traballar na alianza cunha construtora para reactivar o proxecto

Ao final, a presión social puido coa teima da Xunta en autorizar a extracción de ouro en Corcoesto e a Dirección Xeral de Enerxía e Minas ditou resolución para denegarlle o permiso á mineira canadense Edgewater Exploration. A decisión tomábase o 11 de marzo porque a empresa non cumpría os requisitos técnicos, económicos e medioambientais esixidos.

A pesares de ser unha boa nova, numerosos matices analizados con posterioridade fixeron pensar que se gañou unha batalla, pero que a guerra non rematou e o risco de que a mina vaia para adiante segue latente.

✓ A clave está na Declaración de Impacto Ambiental (DIA)

En primeiro lugar, a controvertida Declaración de Impacto Ambiental (DIA) que a Xunta deu como favorable, segue vixente. Isto é así porque as DIA teñen unha validez de 5 anos (até decembro de 2017), con independencia de que o proxecto vaia ou non para adiante; ademais, poden ser prorrogables.

Polo tanto, se a DIA favorable segue vixente, os motivos polos que a Xunta denegou o permiso a Edgewater son puramente técnicos e financeiros. Respecto disto, cómpre lembrar que a empresa non deu xuntado o 25% dos 27 millóns de euros de investimento que precisaba para iniciar a explotación da mina. Mais, o 14 de marzo, a propia compañía mineira emitía un comunicado no que informaba que estaba a traballar na busca dun socio para a explotación do pro-



A denegación do permiso a Edgewater para explotar Corcoesto foi un dos temas que se trataron na asemblea de ContraMINAcción, celebrada o pasado 12 de abril na Eira da Xoana (Ramil, Agolada). Ademais de analizar as diversas ameazas mineiras latentes na Galiza, os e as asistentes tamén perfilaron as liñas xerais do II Encontro galego sobre os impactos da minaría, previsto para o último trimestre de 2014 e centrado nos impactos sobre a auga e a saúde, os cambios lexislativos e o Patrimonio cultural.

xecto; en concreto, trataríase dunha construtora que achegaría os medios técnicos e os cartos cos que agora non conta a empresa. Se isto se acabase confirmando, Edgewater seguiría contando cunha DIA favorable, polo que a Xunta podería revisar o caso e conceder a autorización.

No medio de tanta lea, a Plataforma en Defensa de Corcoesto e Bergantiños contaba cunha

baza a favor: a posibilidade de que o Valedor do Pobo ditase un informe no que valorase a DIA caducada diante da denegación do permiso de explotación a Edgewater. Esta esperanza da Plataforma fundamentábase en que o Valedor dixera, en outubro de 2013, que "dado o rexeitamento global do proxecto, este ten como consecuencia que decaían todos os actos de trámite do

mesmo, entre eles a avaliación ambiental". Por iso, a Plataforma en Defensa de Corcoesto interpelou ao Valedor para que fixese ese informe, que saía á luz o 1 de abril. A pesares de que se lle pedía expresamente un pronunciamento sobre a DIA ao Valedor do Pobo, nin sequera a mencionou no que semella, a todas luces, unha omisión intencionada.

Medio Ambiente permitirá minaría salvaxe nos territorios protexidos da Rede Natura

Outra xerra de auga fría para o noso territorio foi o Plan Director da Rede Natura 2000, que se publicou no Diario Oficial de Galicia o 31 de marzo. Esta normativa permitirá, mesmo en espazos que esixen a máxima protección ambiental como son os da Rede Natura, aberracións como minas a ceo aberto en casos "excepcionais" e en zonas de "potencial mineiro"; amais doutras agresións como repotenciación de parques eólicos ou modernización de encoros hidroeléctricos. Como afectaría isto a Corcoesto? O Plan Director di que as novas minas estarán supeditadas á Declaración de Impacto Ambiental e, como xa vimos, Edgewater ten a súa en

plena vixencia á espera de atopar un socio que apoie o proxecto.

Con este Plan Director da Rede Natura, o PP crea outra engrenaxe na súa maquinaria destinada á explotación salvaxe e legal do noso territorio e que xa conta con pezas como a Lei do Solo, a Lei de Minaría ou o Plan Sectorial de Actividades Extractivas. Dende Salvemos Cabana denuncian "unha Lei da Minería nada garantista, unha interpretación por parte do PP vergonzante, unha Lei do Solo que llo permite todo e un plan de Rede Natura que o impulsa. Todo vai na mesma dirección e temos o risco de converter Galicia nunha mina". **SEGUE ▶**

Varias aldeas ameazadas en Triacastela por Cementos Cosmos

ContraMINAcción denunciou á empresa Cementos Cosmos diante da Garda Civil por ter reiniciado actividades na mina a ceo aberto de Vilavella (Triacastela), o 8 de marzo, saltando a orde de paralización de actividades por carecer de licenza urbanística que existe desde setembro do ano pasado.

Ademais da ausencia de licenza municipal, a propia empresa solicitou no departamento de minas da Consellaría de Economía e Industria a paralización temporal das súas actividades durante seis meses. Polo tanto, Cementos Cosmos violou tanto a legalidade urbanística como a legalidade da lexislación mineira.

Cementos Cosmos leva catro décadas explotando de forma ilegal esta mina a ceo aberto, e esta denuncia xa non é a primeira que se interpón contra a empresa. En breve, ContraMINAcción iniciará novas accións legais ante o gran número de ilegalidades que Cementos Cosmos está a perpetrar na súa canteira de Triacastela amparándose na pasividade e complicidade da propia administración. Entre estas accións, está presentación de alegacións diante da solicitude de licenza municipal que vén de facer Cosmos botando man dunha disposición da Lei do Solo para regularizar canteiras ilegais.

Nas alegacións, ContraMINAcción denuncia que esta concesión mineira “podería borrar do mapa varias aldeas, incluíndo dúcias de vivendas na súa demarcación e dando dereitos de expropiación forzosa sobre elas e centos de hectáreas de territorio, principalmente terras agrícolas de primeira calidade, deixando sen viabilidade case un cento de explotacións agrícolas familiares se isto se autoriza. Por se fora pouco, destruíría fisicamente un río e toda a súa bacía fluvial de prados de regadío (...) tamén destrúe fisicamente 6 camiños que forman parte do dominio público obrigando aos seus usuarios da dar un rodeo de 12 quilómetros para comunicarse con lugares a menos de 2 quilómetros”. Ademais, a explotación mineira de Cosmos en Vilavella afectaría a hábitats onde hai varias especies de flora e fauna protexidas, e ao xacemento arqueolóxico da Cova de Eirós, onde hai catalogadas 94 pinturas rupestres.

FIN ■

FORMACIÓN ▶ Iniciáronse cursos, tanto abertos como para a afiliación, en localidades e comarcas repartidas por toda a xeografía galega

A actividade formativa no SLG repunta coa chegada da primavera

Informática, apicultura, poda, conservas ou capacitación agraria entre as ofertas das nosas aulas

Coa chegada da primavera, a actividade formativa impartida polo Sindicato Labrego Galego cobrou forza coa posta en marcha de varios cursos.

O 10 de marzo, na Terra Chá, comezou un de aptitude empresarial agraria que están a seguir unha vintena de persoas e que rematará o 21 de outubro. Tamén en Vilalba tivo lugar unha actividade formativa baixo o epígrafe “A agricultura na alimentación do futuro”.

A Estrada impartiu aulas para obter diversas titulacións entre marzo e maio: iniciación á apicultura; benestar e transporte animal; xestión de pequenas explotacións; enxerto, poda e manexo de froiteiras, e informática aplicada á actividade agraria.

Tamén houbo un obradoiro práctico sobre conservación de produtos hortícolas en Compostela, informática aplicada ás explotacións en Betanzos e Lourenzá, poda de froiteiras nas Nogais ou benestar animal en Arzúa e Teixeira. Nesta última localidade celebrouse, a maiores, un curso de aplicación de fitosanitarios. Nas vindeiras semanas, están previstos, entre outros, cursos de horta en Betanzos, de apicultura en Xinzo de Limia ou de aplicación de fitosanitarios en Carballo.

De arriba cara a abaixo, imaxes dos cursos de aptitude empresarial agraria (Vilalba), apicultura, benestar animal (A Estrada) e conservación de produtos hortícolas (Compostela)



Lexislación urbanística ▶ A Xunta pretende recuar case 20 anos ao eliminar a protección existente dos solos destinados a usos agrogandeiros e forestais

A desprotección do solo rústico no anteproxecto da nova Lei do Solo de Galiza

por **Hipólito Pérez Novo**,
ex-director da Axencia de
Protección da Legalidade
Urbanística (APLU)

✓ Liberalización do solo

O anteproxecto da nova Lei do solo de Galiza afástase do modelo territorial definido na vixente Lei de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galiza e das Directrices de ordenación do territorio e retrocede ao modelo de liberalización do solo de 1996-98. Así, calquera solo rústico será susceptible de seren reclasificado como solo urbanizable, tanto si se trata de solo rústico común (artigo 30.3) coma se é solo rústico de especial protección (artigo 31.5).

✓ Elimina as categorías de solo rústico de protección agropecuaria e de protección forestal.

Cómpre reservar para a produción agraria os terreos necesarios para garantir a soberanía alimentaria e, en todo caso, cómpre protexer os espazos agrícolas de elevada produtividade, os que serven de soporte de produtos agropecuarios de excelencia (indicación xeográfica protexida, denominación de orixe), os que conforman unha paisaxe cultural identitaria de Galiza e os terreos de concentración parcelaria.

Tampouco se protexen os bosques autóctonos, nin os espazos forestais que cumpren funcións de protección do solo fronte a erosión, de regulación do réxime hidrolóxico, de conservación da biodiversidade, como os montes protectores e os montes catalogados declarados de utilidade pública segundo a Lei de montes de Galicia do 2012.

As restantes categorías de solo rústico de especial protec-

ción redúcense considerablemente en comparación co marco legal actual:

a) O solo rústico de protección de costas reducirase á metade como consecuencia da rebaixa de 200 m. a 100 m. da franxa de protección.

b) O solo rústico de protección de espazos naturais só abranguerá os espazos protexidos pola Lei de conservación da natureza, deixando excluídos os ámbitos delimitados nos instrumentos de ordenación do territorio e no planeamento urbanístico municipal.

Así, por exemplo, desaparecerían as áreas estratéxicas de conservación de especial valor

natural e ecolóxico, así como a rede de corredores ecolóxicos definidas nas Directrices de ordenación do territorio de Galiza.

c) O solo rústico de protección da paisaxe só comprenderá as áreas delimitadas nos Catálogos da Paisaxe elaborados ao abeiro da Lei de protección da paisaxe de Galicia; na práctica, como non existe ningún catálogo aprobado, implicará a desaparición desta categoría.

Tamén quedarían excluídos os espazos obxecto de protección ambiental e paisaxística delimitados no Plan de ordenación do litoral de Galiza.

d) E o solo rústico de protección patrimonial só comprenderá os ámbitos protexidos pola Lei de patrimonio cultural pero non inclúe os ámbitos protexidos nos instrumentos de ordenación do territorio e no planeamento urbanístico municipal.

Como queira que a Lei do patrimonio considera incorporados automaticamente no inventario do patrimonio cultural de Galiza os inmobles que son obxecto de protección no planeamento urbanístico, a consecuencia da nova lexislación será a saída de moitos bens do inventario do patrimonio cultural.

O solo rústico fica totalmente excluído da planificación urbanística

Será a futura Lei do solo a que regulará directamente, de modo exclusivo e excluínte, as condicións de uso e edificación aplicables no solo rústico, dun xeito uniforme para todo o territorio de Galicia, prohibíndose ao plan xeral que conteña determinacións de ordenación urbanística para esta clase de solo. Algo inédito no Dereito comparado.

Por outra parte, a pesares de que se mantén a distinción formal entre as categorías de solo rústico común e especialmente protexido, todo o solo rústico queda sometido aos mesmos usos e condicións de edificación que corresponden ao solo rústico común.

Na práctica isto supón que todo o solo rústico constitúe unha única categoría de solo, sen ter en conta as diferentes características, vocación e valores naturais e culturais que concorren en cada zona do territorio.

Os usos permitidos –que son iguais para todas as categorías de solo rústico– resultan, en moitos casos, excluíntes e incompatibles entre si e, especialmente, co uso agrario que é o propio do solo rústico.

Para superar esta concepción residual do solo rústico resulta imprescindible que o plan xeral de ordenación municipal estableza a ordenación urbanística pormenorizada do solo rústico, empre-

gando a técnica da división zonal en función da natureza, características físicas, valores a protexer e vocación dos terreos. Para cada zona o plan debería determinar os usos aos que deben ser destinados e aqueles outros que, excepcionalmente, poderían ser compatibles co uso propio de cada zona.

✓ A diminución da parcela mínima edificable

A Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia establecía orixariamente a superficie mínima da parcela para edificar en 5.000 m². A reforma lexislativa do 2010 rebaixouna a 3.000 m². Agora preténdese reducir ata 2.000 m², convertendo en edificables a maioría das parcelas de Galicia.

Por outra parte, aínda que se mantén a prohibición formal de parcelacións urbanísticas en solo rústico, ábreanse novas vías para eludir esta prohibición.

Así, permítase a división e segregación de predios en solo rústico a condición de respectar a unidade mínima de cultivo que determine a lexislación agraria (con carácter xeral 2.000 m²). O que ademais resulta incompatible co establecido no art. 69 da Lei de montes de Galiza de 2012 que establece unha superficie mínima de 15 hectáreas (150.000 m²).

CADRO-RESUME DAS DIFERENZAS
ENTRE A LEXISLACIÓN VIXENTE
E O BORRADOR DE NOVA LEI DO SOLO DE GALIZA

CATEGORÍA DE SOLO RÚSTICO	LEI DE ORDENACIÓN URBANÍSTICA E PROTECCIÓN DO MEDIO RURAL DE GALIZA	Borrador da nova LEI DO SOLO DE GALIZA
Protección agropecuaria	▶ Terreos de alta produtividade agrícola ou gandeira ▶ Terreos obxecto de concentración parcelaria	Eliminado
Protección forestal	▶ Terreos destinados a explotacións forestais ▶ Terreos que sustenten masas arbóreas ▶ Terreos que sufriron os efectos dun incendio ▶ Áreas de especial produtividade forestal ▶ Montes públicos de utilidade pública	Eliminado
Protección de infraestruturas	▶ Terreos destinados a infraestruturas e as súas zonas de afección (comunicacións, residuos, enerxía, etc.)	▶ Terreos destinados a infraestruturas e as zonas de afección (comunicacións, residuos, enerxía, etc.)
Protección de augas	▶ Terreos de dominio público hidráulico ▶ Zona de servidume (5 m) ▶ Zona de policía (100 m), agás que o planeamento o reduza xustificadamente	▶ Terreos de dominio público hidráulico ▶ Zona de policía (100 m)
Protección de costas	▶ Franxa de 200 m a contar do límite interior da ribeira do mar	▶ Terreos situados dentro da servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre (20 m ou 100 m a contar do límite interior da ribeira do mar)
Protección de espazos naturais	▶ Espazos protexidos pola Lei de conservación da natureza (Rede Natura e outros) ▶ Espazos protexidos polas normas provinciais ▶ Espazos protexidos polos instrumentos de ordenación do territorio (Directrices de ordenación do territorio, Plan de ordenación do litoral, ...) ▶ Espazos protexidos polo planeamento urbanístico	▶ Espazos protexidos pola Lei de conservación da natureza (Rede Natura e outros)
Protección paisaxística	▶ Terreos que determinen os instrumentos de ordenación do territorio (Directrices de ordenación do territorio, Plan ordenación do litoral...) ▶ Terreos que determine o planeamento urbanístico	▶ Areas de interese delimitadas nos Catálogos da Paisaxe aprobados ao abeiro da Lei de protección da paisaxe. Non existe ningún aprobado.
Protección do patrimonio	▶ Bens protexidos polo planeamento urbanístico. ▶ Bens protexidos pola lexislación do patrimonio cultural.	▶ Ámbitos protexidos pola Lei do patrimonio cultural de Galicia.
Protección ordinaria	▶ Os terreos innecesarios ou inadecuados para o desenvolvemento urbanístico	▶ Os terreos que deban ser preservados polos seus valores agrícolas, gandeirosouforestais ▶ Os terreos innecesarios ou inadecuados para o desenvolvemento urbanístico

MÓDULOS ▶ Reducións en vacún de leite e flor

Galiza fica
marxinada na
compensación
polos danos dos
temporais

O Ministerio de Facenda publicou, a mediados de abril, os novos módulos reducidos para aplicar na declaración do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas (IRPF) de 2013 a profesionais da agricultura e da gandería. Un dos obxectivos desta redución era compensar os danos sufridos polos temporais e irregularidades climáticas. Nembargante, o groso destas compensacións queda na rexión mediterránea, mentres que Galiza volve ser a esquecida.

En xeral, tódalas explotacións de bovino de leite terán un tipo reducido do 0'26%, que será do 0'16% para as de flores e plantas ornamentais. Neste último sector, A Guarda, Pobra do Caramiñal e Ribeira se beneficiarán dun módulo do 0'11%. A maiores, os concellos limiaos (Baltar, Calvos de Randín, Os Blancos, Porqueira, Rairiz de Veiga, Sandiás, Sarreaus, Trasmiras, Vilar de Barrio, Vilar de Santos e Xinzo) terán módulos reducidos para os cultivos de cebola e cereais (0'18%) e patata (0'26%). Fóra do devandito, o resto do sector hortofroiteiro galego queda fóra das compensacións.

En canto ao sector vitivinícola, A Rúa, Carballada de Valdeorras, Castrelo de Miño, Larouco, O Barco, Petín e Ribadavia terán módulos do 0'18% na uva para viño sen denominación de orixe e do 0'22% para a que se venda con DO.

Tampouco se mantén a redución do índice corrector por pensos adquiridos a terceiros en máis do 50%, que este ano volve ser do 0,75 (antes foi do 0'65%) -excepto para actividades de explotación intensiva de gando porcino de carne e avicultura, que é do 0,95-.

DILAPIDACIÓN DE CARTOS PÚBLICOS ▶ Os principais xornais galegos recibiron a dedo da Consellaría un total de 869.000 euros en plena vaga de lumes forestais

Medio Rural agasalla con case 1 millón de euros aos medios de comunicación...

Este feito contrasta coa negativa da Xunta a conceder axudas ás explotacións danadas polos temporais

O uso que está a facer a conselleira Rosa Quintana dos cartos públicos que xestiona Medio Rural é máis que dubidoso. Fotomontaxe de Fouce

Segundo informou Praza Pública, a Consellaría de Medio Rural repartiu 869.000 euros entre os principais xornais impresos de Galiza a mediados de agosto, en plena crise por unha das peores vagas de lumes forestais que ten vivido o noso país.

Os cartos repartíronse en 14 convenios con medios de comunicación para “promover campañas informativas de concien-

ciación e sensibilización social contra os incendios forestais”. O feito de que os convenios se asinasen en época de máximo risco de incendios, cando pouca prevención ou sensibilización quedaba por facer; que non se contratase unha campaña publicitaria concreta; ou que a exorbitante suma de cartos se distribuíse a dedo sen ningún tipo de concurso público; fai sospeitar que as intencións da Consellaría con este reparto de cartos fosen máis alá das devanditas. Tamén sorprende que o departamento que dirixe Rosa Quintana teña a man tan aberta para fins que non teñen nada

que ver coa agricultura, e tan pechada cando hai que apoiar ás nosas explotacións, como aquelas que foron devastadas, recentemente, polos temporais de decembro e xaneiro.

As empresas beneficiarias desta nova pedrea da Xunta aos medios de comunicación foron as de sempre: Corporación La Voz de Galicia, 298.000 euros; Faro de Vigo, 165.000 euros; grupo El Progreso, 140.000 euros; La Región de Ourense e Atlántico Diario, 100.000 euros; Editorial Compostela (El Correo Gallego), 90.000 euros; e Gráficas La Capital (El Ideal Gallego), 26.000 euros.

...mentres que as explotacións sufren atrasos no cobro das axudas da PAC

O Sindicato Labrego denunciou que, tras rematar o primeiro trimestre do ano, en abril, varias explotacións perceptoras das axudas da Política Agraria Común (PAC) na Galiza seguían sen cobrar de maneira totalmente arbitraria e sen xustificación algunha por parte da Consellaría de Medio Rural. Cómpre lembrar que a Xunta non pon nin un céntimo destas subvencións (os cartos veñen de Bruxelas) e só se ten que limitar a xestionar o seu reparto, polo que non serve a excusa dos recortes.

Normalmente, quen ten dereito a cobrar primas da PAC, recibe os cartos a finais de ano ou, como máis tarde, a comezos de xaneiro. Sen embargo, o SLG puido constatar varios casos de persoas que aínda non cobraran a PAC de 2013 en marzo. Tras reclamar administrativamente, a resposta que recibimos foi que a estas perceptoras das axudas se lles ingresarán os cartos a finais dese mes. Esta negligencia da Consellaría de Medio Rural supuxo un atraso que lle creou problemas de liquidez durante tres meses ás explotacións afectadas. E a aquelas que non tiñan problemas de liquidez por ter solicitado o anticipo das axudas (os anticipos son unha liña oficial de cobro nas subvencións da PAC), a negligencia no lles saíu gratis, pois tiveron que pagar tres meses de xuros (o 6%) ao banco que lles anticipou os cartos.

Para o Sindicato Labrego Galego, a Consellaría de Medio Rural é a única responsable deste atraso no pagamento das axudas, polo que debería reintegrarlles ás explotacións afectadas os cartos que perderon por culpa da súa ineptitude. Por iso, lle esiximos a Medio Rural que explicase o porque destes atrasos, que informase sobre o número de explotacións que sufriron esta situación e que crease unha fórmula administrativa para poder reintegrarlle os xuros creados ás explotacións polo atraso nos cobros.



POLÍTICA LEITEIRA COMUNITARIA ▶ Isabel Vilalba participou na presentación deste instrumento de estudo do sector lácteo en Bruxelas o pasado 16 de abril

A Comisión Europea pon en marcha o Observatorio do Mercado do Leite

Dende a ECVC criticouse que non contemple a esculca de datos fundamentais como os custes de produción

O 16 de abril, a secretaria xeral do Sindicato Labrego Galego, Isabel Vilalba Seivane, participaba no encontro de presentación do Observatorio do Mercado Europeo do Leite nun evento organizado pola Comisión Europea en Bruxelas. Nesta primeira xuntanza, o Comisario de Agricultura, Dacian Ciolos, presentou ás organizacións europeas que formarán parte do Consello do Observatorio o que el considera unha ferramenta para seguir a evolución do mercado do leite a nivel de prezos, marxes de beneficio, volume de produción e demanda interna e externa. Ciolos explicou que este traballo de seguimento do sector é unha ferramenta importante para anticipar crises e articular instrumentos de intervención para facerlles fronte.

Sen embargo, a secretaria xeral do SLG, Isabel Vilalba Seivane, na súa intervención, subliñou a necesidade de incluír outros parámetros de análise no Observatorio como a evolución dos custes de produción, que ten tanta importancia como coñecer a evolución dos prezos.

Ademais, Vilalba tamén considerou incompleta a análise dos volumes de produción do Observatorio se non inclúe datos referentes á estrutura deses volumes, como a procedencia xeográfica e o número e dimensión das explotacións que producen ese leite. De non facerse isto, poderíase dar o caso de que na Unión Europea se mantivese, a nivel global, un volume regular de produción, ao mesmo tempo que pechasen miles de explotacións e desaparecese a



Dúas instantáneas das presentación do Observatorio: arriba, Isabel Vilalba con Dacian Ciolos ao fondo, do que vemos unha imaxe en detalle abaixo

produción leiteira de rexións enteiras por mor de concentrarse ese volume nun número reducido de granxas industriais con miles de cabezas de gando.

A secretaria xeral do SLG tamén chamou a atención sobre a necesidade de mellorar os instrumentos de intervención no mercado da Comisión Europea e da Dirección Xeral de Agricultura para facer fronte a crises: “A nosa preocupación básica”, explicou Isabel Vilalba “é que precisamos ferramentas áxiles para anticiparnos a situacións de prezos baixos ou volátiles que poidan provocar a ruína das explotacións. De feito, os instrumentos de intervención que utiliza a Comisión Europea ou a Dirección Xeral de Agricultura fronte a situacións problemáticas -almacenamento privado, intervención de mercado con compras públicas de excedentes de leite, queixo, manteiga, etc.- non deron evitado grandes crises como a de 2009, que foi dramática para o sector en toda a Unión Europea. Para nós estas ferramentas son deficientes,



pois os prezos de intervención adoitan ser moi baixos e non compensan os custes de produción na profesión”.

En resume, tanto dende o SLG como dende a Coordinadora Europea da Vía Campesina, cremos que o Observatorio debe incluír novos parámetros de análise para obter unha imaxe máis real do mercado leiteiro e anticipar mellor as situacións de crise e, en caso de que se dean estas, ter ferramentas de intervención máis efectivas que regulen o mercado e controlen a produción en troques de poñer cartos públicos para mercar a baixo prezo excedentes de produción, como se fixo até o de agora sen dar evitado a ruína de miles de explotacións.

VÍA CAMPESINA ▶ Día Mundial da Loita Labrega

A Vía Campesina reafirma a súa loita en defensa das sementes labregas no 17 de abril

O Sindicato Labrego Galego, como integrante da Coordinadora Europea da Vía Campesina, sumouse ás mensaxes reivindicativas do 17 de abril -Día Internacional da Loita Labrega- centradas na defensa do dereito a poder cultivar, reproducir e intercambiar as nosas propias sementes.

Esta cuestión está de actualidade pola tentativa da Comisión Europea de roubarnos este dereito a través da súa mercantilización e privatización. Polo de agora, a cidadanía e os labregos e labregas acadaron que o Parlamento Europeo rexeitase a nova normativa para sementes. Mais a guerra segue aberta, pois non só a Comisión vai seguir coa súa tentativa de privatizar as nosas sementes, a través da revisión da normativa, senón que o tratado comercial entre Estados Unidos e a UE que se está a negociar ás agachadas da cidadanía podería acelerar o proceso. Neste contexto, dende o Sindicato Labrego comprometémonos a seguir firmes na defensa das nosas sementes fomentando o seu cultivo, intercambio e conservación.





Participantes no encontro da ECVC sobre dereitos. Vilalba é a sétima pola esquerda

DEREITOS LABREGOS ▶ Isabel Vilalba Seivane participou en representación o Sindicato Labrego Galego

Xuntanza en Xenebra pola Declaración dos Dereitos Labregos

Estase a preparar unha campaña para que os gobernos europeos apoiem o documento nun consello da ONU en xuño deste ano

A secretaria xeral do Sindicato Labrego Galego, Isabel Vilalba Seivane, participou, entre o 26 e 27 de marzo, nun seminario en Xenebra (Suíza) no que a Coordinadora Europea da Vía Campesina planificou as accións a levar a cabo para que a ONU aprobe unha Declaración Internacional sobre os Dereitos dos Labregos e das Labregas.

Botando a vista atrás, este seminario trazou a estratexia para afrontar a última etapa dunha carreira de fondo iniciada no ano 2000, cando a Vía Campesina elaborou un proxecto de Declaración que lle presentou ao Comité Asesor do Consello de Dereitos Humanos da ONU. A partir de aí, o Consello ordenou a realización de varios estudos ao respecto até que, en 2012, presentou un texto final que incluía nos seus eixes un proxecto de Declaración Internacional moi semellante ao

realizado pola Vía Campesina. O documento avogaba na súa conclusión pola necesidade deste instrumento xurídico.

En setembro de 2012, o Consello de Dereitos Humanos votou a creación dun grupo intergubernamental de traballo para redactar a Declaración da ONU sobre os Dereitos Labregos que tivo a súa primeira xuntanza en xullo de 2013.

Tanto na votación de setembro de 2012 como na sesión de xullo de 2013, os países europeos amosaron fortes reticencias. Este foi o motivo fundamental do seminario da Coordinadora Europea da Vía Campesina. Durante dous días, as organizacións que integramos a ECVC debatemos para deseñar unha estratexia para que a Declaración Internacional dos Dereitos Labregos vaia cara a adiante, por riba dos atrancos interesados de moitos gobernos de países comunitarios, e coa vista posta na vindeira sesión do Consello de Dereitos Humanos da ONU, que se celebrará en xuño de 2014 e na que se votará se o proceso ten continuidade.



Entrega de sinaturas no Parlamento Europeo en defensa das sementes labregas

SEMENTES ▶ A campaña de presión da Coordinadora Europea da Vía Campesina comeza a obter resultados

O Parlamento Europeo rexeita por maioría a Lei de Sementes

A polémica normativa terá que someterse ao dictame do Consello de Ministros e Ministras de Agricultura da UE

O Parlamento Europeo rexeitou, o 11 de marzo, a polémica proposta de regulamento para a produción e comercialización dos materiais de reprodución vexetal da Comisión Europea (máis coñecida como Lei de Sementes) por un resultado de 650 votos en contra, 15 a favor e 13 abstencións. A votación produciuse un mes despois de que a Comisión de Agricultura e Desenvolvemento Rural (Comagri) do Parlamento Europeo rexeitase a mesma proposta, o 11 de febreiro e, un pouco antes, fíxese o mesmo a Comisión de Medio Ambiente, Saúde Pública e Seguridade Alimentaria.

Para as organizacións que, coma o SLG, integramos a Coordinadora Europea da Vía Campesina, trátase dunha boa nova que é resultado do forte rexeitamento social que está a provocar esta tentativa da Comisión de servirle en bandexa o patri-

monio xenético vexetal dos pobos de Europa ás multinacionais do sector; sempre a costa de roubarlle aos labregos e labregas o dereito a cultivar, vender e intercambiar as súas propias sementes.

Cómpre lembrar que a proposta da Comisión Europea forma parte dun paquete de medidas para reforzar as normas de saúde e seguridade no conxunto da cadea agroalimentaria. Mais, por debaixo desta suposta intención, agáchase a privatización do control público das sementes e a imposición de barreiras para a produción artesanal e a pequena escala.

Aínda que este rexeitamento do Parlamento é unha boa nova, cómpre seguir exercendo presión en Bruxelas, xa que a Comisión non aceptou retirar a súa proposta, polo que agora esta irá ao Consello de Ministros e Ministras da UE; se este a rexeita tamén, entón o proceso ficará pechado, pero se non o fai e modifica o texto inicial, entón terá que ser sometida de novo ao voto parlamentario ou entrar nun proceso de negociacións até chegar a un acordo.

SERVIZOS PÚBLICOS NO RURAL ▶ Unha reforma do Goberno central deixará ao meirande dos pequenos municipios sen competencias para prestar servizos

Golpe de estado aos concellos do rural coa reforma das administracións locais

Concentrarase o poder nas deputacións e nos gobernos autonómicos, a maioría dos cales están en mans do PP

O Goberno de Rajoy emprendeu unha nova reforma que, unha vez máis, deixará desasistidas ás persoas que viven no rural de moitos servizos públicos dos que viñan gozando até agora. Referímonos á reforma da administración local, entendendo por esta a representada por deputacións, concellos e mancomunidades de municipios, fundamentalmente.

A grandes trazos, esta reforma pretende reducir as competencias municipais, tanto as obrigatorias como as voluntarias, co gallo de aforrar. Desta maneira, moitos dos servizos que os concellos están a prestar na Galiza pasarán a ser responsabilidade das catro deputacións provinciais ou da Xunta. Coa excusa da austeridade, o Goberno de Madrid no só vai deixar aos concellos sen competencias; senón que abrirá a porta a unificar e privatizar moitos servizos a escala provincial, un succulento bocado para moitas empresas; e o Partido Popular, que goberna en 27 das 38 deputacións e en 13 das 17 comunidades autónomas, consolidará o seu poder político e clientelar fronte a concellos de distinta cor ideolóxica que pretendan desenvolver políticas alternativas ás populares.

Os concellos máis afectados van ser os pequenos e os rurais, que son a administración máis achegada que temos os labregos e as labregas. Vexamos o miolo das mudanzas que se aveciñan:

1. Diminúen os servizos obrigatorios que van prestar os concellos: Os concellos

deixarán ter competencias en materia de promoción e xestión de vivendas, atención primaria de saúde, prestación de servizos sociais, xestión das actividades e instalacións culturais e deportivas, políticas de igualdade de xénero e promoción económica.

2. Os concellos de menos de 20.000 habitantes quedan baixo supervisión ou coordinación das deputacións.

As deputacións poderán cuestionar que servizos presta cada concello e incluso plantexar a posibilidade de sacarlle a xestión dos mesmos. Os servizos voluntarios (escolas infantís de 0 a 3 anos, puntos de atención ás mulleres que sofren violencia machista, centros especiais de traballo, centros de atención a persoas discapacitadas, tempolibre...) só os poderán prestar concellos que non se atopen nunha situación de déficit, e serán eliminados en concellos cuxas contas estean intervidas.

3. As competencias en educación, sanidade e servizos sociais, pasarán ás comunidades autónomas.

Os servizos necesarios que non sexan rendibles, desaparecerán


Por outra banda, os concellos van estar sometidos, a partir de agora, a unha estrita fiscalización das súas contas, controlándose o custe efectivo dos servizos que preste. Na práctica, isto significará que o esencial nos servizos que preste un concello non vai ser a calidade ou necesidade dos mesmos, senón a súa rendibilidade económica. De non cumprir estes criterios, os concellos poderían ser privados de prestar eses servizos, que pasarían ás deputacións ou a empresas privadas. As consecuencias de todos estes cambios son varias:

▶ De primeiras, os cidadáns e as cidadás imos perder servizos que se viñan prestando nos concellos até o de agora. Dentro desta perda, serán os concellos do rural, especialmente os de alta montaña así como os que estean afastados dos grandes núcleos urbanos, aqueles que máis perdan en canto a prestación de servizos e autonomía para organizarse na súa pretensión por prestalos.

▶ A "administración de proximidade" dos concellos vai desaparecer maioritariamente, afastándose a prestación dos servizos que queden cara ás deputacións e as comunidades autónomas.

▶ A "autonomía local" que era outro dos principios que rexían a administración local, tamén vai desaparecer, especialmente para os concellos pequenos e rurais, de maneira que pasarán a ser institucións tuteladas dende arriba (dende as deputacións e dende o Ministerio de Administracións Públicas de Madrid).

▶ Perdemos capacidade de control sobre os políticos que toman as decisións relativas aos servizos que recibimos, xa que estarán en institucións máis afastadas de nós.



COORDINADORA EUROPEA DA VÍA CAMPESINA ▶ Celebrou a súa asemblea anual en Noruega, o 3 e o 4 de marzo, e fixo pública unha declaración con sete demandas

A ECVC aposta pola agricultura familiar e labrega como modelo para Europa

É a única alternativa para manter un medio rural vivo fronte á desfeita provocada pola PAC e os tratados de libre comercio

A secretaria xeral do Sindicato Labrego Galego, Isabel Vilalba Seivane, e a técnica sindical, Conchi Mogo, foron as nosas representantes na Asemblea Anual da Coordinadora Europea da Vía Campesina (ECVC), que se celebrou na vila norueguesa de Evenstad entre o 3 e o 4 de marzo. A asemblea foi preparada polos compañeiros e compañeiras da NBS, organización anfitroia que tamén forma

parte da ECVC. A defensa da agricultura familiar centrou os debates desta asemblea. Non en van, é o modelo máis estendido e sostible de produción alimentaria en Europa, onde as explotacións teñen un tamaño medio de 14 hectáreas ao tempo que o 69% non chegan ás 5 e tan só o 2'7% supera as 100.

Esta xuntanza de labregos e labregas de toda Europa saldouse coa Declaración de Evenstad que, amais de falar da agricultura familiar, afronta retos para o 2014 como a reforma da PAC ou a ameaza dos tratados de libre comercio entre a UE e terceiros países.



Declaración de Evenstad

4 de marzo de 2014

Sete medidas para fortalecer a agricultura familiar labrega xa!

Adía de hoxe, a agricultura familiar labrega é e segue a ser o modelo de produción de alimentos máis estendido en Europa e no mundo.

Dende hai varias décadas, aos labregos e labregas de Europa empúrraselles cara á seguinte tesitura: renovarse ou morrer. Equipamentos, custosos investimentos, ampliación das explotacións... Produtores e produtoras vense na obriga de meterse nunha espiral sen fin. A “modernización” a marchas forzadas xa non lles permite obter unha maior comodidade ou unha vida mellor, senón que se converteu nun fin en si mesmo, nunha obriga. O endebedamento afecta a todos e a todas, e os labregos e as labregas máis febles e con menor fortuna deben deixalo. A alimentación redúcese a unha mera mercadoría, os labregos e labregas redúcense a simples produtores e produtoras de materias primas e perden o control das súas actividades.

En numerosos países e de variados xeitos, as labregas e os labregos resistiron este movemento incontrolado co fin de defender os seus valores e o sentido do seu traballo. Non consideran aos seus animais como meras máquinas, desenvolven sistemas agroecolóxicos, crean asociacións cos consumidores e coas consumidoras, defenden unha alimentación san e de calidade.

Moitos e moitas participan nas organizacións que forman parte da Coordinadora Europea da Vía Campesina, como parte dun proxecto político de construción dun sistema alimentario diferente baseado na soberanía alimentaria.

A crise alimentaria de 2007-2008 deixou en evidencia a importan-

cia estratéxica da alimentación. A clase política comezou a recoñecer a necesidade de salvagardar tódalas agriculturas -e non só a que segue o modelo industrial-, en pro da seguridade alimentaria mundial. Sen embargo, a crise fixo máis atractivos os investimentos no sector agrícola, e favoreceu o acaparamento de terras, os monocultivos a gran escala e o desenvolvemento da gandería industrial en prexuízo das pequenas explotacións.

Na Unión Europea están concluíndo as negociacións da nova Política Agraria Común (PAC), unha PAC que segue vertebrada ao redor dos pagamentos por hectárea, como acontecía coa antiga, que á súa vez provocou a desaparición do 20% dos labregos e labregas de Europa entre 2003 e 2013 -ou o que é o mesmo, de 3 millóns de postos de traballo-. A Unión Europea segue negándose a remunerar de xeito digno o traballo dos labregos e das labregas cuns prezos xustos asegurados mediante o regulamento público dos mercados, e segue a manter a inxustiza dun sistema baseado nos pagamentos por hectárea.

En 2014, designado pola ONU como Ano Internacional da Agricultura Familiar, celébrase aos pequenos produtores e ás pequenas produtoras. Pero esta realidade contrasta coa dunhas políticas públicas que se deciden a nivel mundial pregándose aos mercados e á especulación financeira e favorecendo a competencia e a guerra económica. Estas políticas non recoñecen o papel fundamental do modelo social de produción labrega para a alimentación, o emprego e o respecto á natureza.

SEGUE ▶

Conchi Mogo e Isabel Vilalba (primeira e segunda pola esquerda na imaxe de abaixo) representaron ao Sindicato Labrego Galego na asemblea da Coordinadora Europea da Vía Campesina celebrada en Evenstad. Nesta páxina, foto de familia dos e das asistentes ao evento (arriba) e, abaixo, unha das xuntanzas de traballo que mantiveron o 3 e o 4 de marzo. Na páxina anterior, unha das saídas de campo que se fixeron para visitar explotacións agrarias locais



As labregas e os labregos da Coordinadora Europea da Vía Campesina piden a tódolos gobernos nacionais e rexionais, así como ás institucións europeas, que se comprometan a tomar as sete medidas seguintes:

1. Co fin de protexer a existencia e a actividade dos labregos e labregas, que son máis vulnerables e emigrantes á forza dentro da propia Europa; e co fin de protexer a xornaleiros e xornaleiras, pastores e pastoras, pescadores e pescadoras artesanais... os estados europeos e a UE deben apoiar os traballos do Consello dos Dereitos Humanos en pro dos **Dereitos de Labregos e Labregas** e demais habitantes do medio rural.

2. Os acordos chamados de “**libre**” **comercio**, pola súa propia natureza benefician unicamente a grandes empresas transnacionais en detrimento dos labregos e das labregas. Elabóranse de xeito opaco e antidemocrático e teñen un efecto negativo nos estándares alimentarios e sociais, e tamén nos países del sur. Por iso, a UE debe cesar as negociacións de todo novo acordo comercial, moi en especial o TTIP cos EE.UU., suspender a aplicación dos acordos xa negociados, e apresurarse a renegociar outros que teñan un efecto benéfico para a poboación.

3. Respecto da **Política Agrícola Común**, as últimas arbitraxes da PAC e as adaptacións nacionais e rexionais deben favorecer aos labregos e ás labregas. Cómpre asegurar un acoplamento máximo das axudas e evitarse a imposición de topes mínimos de investimento ou de superficie para o acceso a estas subvencións, utilizando os topes para repartir os cartos entre tódolos produtores e tódalas produtoras. As subvencións para a incorporación de xente moza deben ser independentes do seu nivel de investimento. A condicionalidade das axudas debe adaptarse para evitar medidas ilóxicas e discriminatorias.

4. As leis estatais, así como a normativa comunitaria, deben recoñecer o dereito inalienable dos labregos e das labregas a producir, reproducir e comercializar as súas **sementes** tradicionais, garantes da

biodiversidade cultivada e da súa autonomía. O cultivo de transxénicos de calquera caste debe prohibirse en tódolos territorios.

5. Para favorecer en Europa unha produción local e de calidade en **circuitos de proximidade accesibles a todos e a todas**, incluídas as persoas máis vulnerables, pídeselle a tódolos estados que elaboren regras de hixiene relativas aos talleres de transformación e ás instalacións de distribución aos consumidores e consumidoras que sexan específicas para as pequenas unidades de produción. No fornecemento de proximidade dos mercados públicos deberá favorecerse aos labregos e ás labregas.

6. A **incorporación de novos labregos e novas labregas** debe ser unha prioridade para o emprego, para asegurar a renovación dos agricultores e das agricultoras e para garantir a vitalidade dos territorios rurais. É necesario elaborar políticas de ordenación cunha directiva europea de tipo VGTL (directivas voluntarias para o acceso á terra do Comité de Seguridade Alimentaria da ONU) e favorecer o acceso á terra da mocidade labrega e das pequenas unidades familiares, non só mediante a compra, senón tamén mediante arrendamentos garantidos para aqueles e aquelas que traballan a terra, impedindo con isto o acaparamento de terras e limitando a extensión das mega-granxas agrícolas ou gandeiras de corte industrial. O financiamento dos servizos públicos e unha dinámica de territorios é necesaria para manter o atractivo do traballo no campo.

7. É indispensable velar por un estrito respecto da **igualdade de dereitos das mulleres** no acceso á terra, ao financiamento, e a tódolos recursos necesarios para o desempeño do seu traballo de labregas.

Para chegarmos a unha sociedade solidaria, un medio ambiente coitado e unha alimentación de calidade, Europa necesita a tódolos seus labregos e labregas.

No Ano Internacional da Agricultura Familiar Labrega, a loita agarda por nós!

Acordo Transatlántico de Comercio e Investimentos ▶ A Unión Europea e os Estados Unidos negocian liberalizar relacións comerciais en absoluto secretismo

ATCI: o tratado que pode destruír a pequena e mediana agricultura en Europa

Os sectores agrarios serían os máis afectados xa que seguen a ser os máis protexidos no comercio exterior comunitario

Dende febreiro de 2013, Estados Unidos e a Unión Europea, ás agachadas da cidadanía, están a negociar o Acordo Transatlántico de Comercio e Investimentos (ATCI), máis coñecido polas siglas TTIP do seu nome en inglés (Transatlantic Trade and Investment Partnership). Tanto Washington como Bruxelas están a vender este tratado como unha ferramenta de medre económico nas dúas beiras do Atlántico norte.

Mais, lonxe diso, o ACTI non deixa de ser un proxecto das elites políticas e corporativas que, para maximizar o seu lucro, previamente terán que derribar boa parte das leis que existen sobre seguridade alimentaria, sanidade, dereitos laborais, protección ambiental, etc; e provocar unha brutal reconversión que des-

truíra sectores enteiros da nosa economía.

Os sectores agrarios serán os máis afectados porque son, precisamente, os máis protexidos con respecto ás relacións comerciais con Estados Unidos. Para protexer os produtos agrícolas das importacións, a UE tenlles as taxas arancelarias máis altas do seu comercio exterior, cunha media do 14'6%. Isto é así porque os sectores agrarios, amais do importante peso económico que teñen, son vitais polo seu rol como fornecedores de alimentos, de estruturación do territorio e de distribución xeográfica do traballo e da riqueza.

Os sectores labregos máis afectados polo tratado serían o gandeiro e o forestal, que non poderían competir contra o poderío produtivo dos Estados Unidos. Ademais, para que as condicións de mercado sexan iguais nos EEUU e na UE, teríamos que eliminar o principio de precaución e permitir prácticas que, agora mesmo, están prohibidas en territorio comunitario.

Competencia desigual

Nos Estados Unidos, as granxas predominantes son de tipo industrial e o seu tamaño medio é 13 veces superior á media europea. De feito, hai 2 millóns de granxas nos EEUU fronte aos 13 millóns cos que conta a UE. Ademais de ser máis pequenas, as explotacións europeas teñen unha normativa medioambiental e sanitaria moito máis estrita. En resume, as granxas norteamericanas, moito máis grandes e concentradas, comercializando a través de grandes corporacións, sen ter que cumprir as mesmas normativas sanitarias e ambientais, e sen os aranceis que agora protexen as nosas producións, varrerían, literalmente, centos de miles de explotacións e sectores produtivos enteiros na Unión Europea.

Gando tratado con hormonas



Nos Estados Unidos, as vacas producen até un 10% máis de leite que as súas curmáas europeas grazas á Somatotropina Bovina Recombinante (rGBH), unha hormona transxénica de Monsanto relacionada co cancro de mama, de próstata e de colon nas persoas. En canto á produ-

ción de carne, hai autorizadas 6 hormonas esteroides coas que os becerros engordan até un 15% máis. Cos porcos acontece outro tanto pero cunha droga chamada Ractopamina que fai aumentar a súa masa muscular e que está prohibida en 150 países, incluída a UE. En canto aos polos, desinfectanse con cloro antes de comercializarse. Estas carnes con hormonas ou cloro están, agora mesmo, prohibidas na Unión Europea. Nas negociacións, a industria cárnica estadounidense está a ser intransixente neste particular e négase a ceder polo que, de ir cara a adiante o acordo, Europa debería eliminar tamén as prohibicións a este modelo tan insán e perigoso.

Transxénicos

Na Unión Europea é obrigatorio informar na etiquetaxe dos alimentos e pensos se conteñen transxénicos ou non, e cada OXM ten que pasar un test de seguridade e ser aprobado pola Autoridade de Seguridade Alimentaria. Aínda que esta última está a ser moi laxa e autoriza, decotío, novos OXMs, esta normativa nin sequera existe nos EEUU. De ir para adiante o tratado, a UE estaría obrigada a eliminar as poucas barreiras de seguridade que temos e facer como nos EEUU, onde os OXMs non deben ser supervisados, non teñen que realizar ningún test de seguridade e nin sequera é obrigatorio informar na etiquetaxe dos alimentos da súa presenza.



Tanto nesta páxina como na anterior, imaxes das protestas fronte ao Ministerio de Economía, o pasado 17 de marzo, mentres se reunían en Madrid os representantes da Unión Europea e dos Estados Unidos para avanzar nas negociacións do ACTI/TTIP

Seguridade alimentaria

Na Unión Europea, existe un principio de precaución que esixe probas científicas dos produtos antes de ser comercializados. Ademais, a Lei Reach permite á Axencia Europea de Químicos poñer restricións na produción, comercialización e uso destes produtos para protexer a saúde pública e o medio ambiente. Pola contra, nos EEUU as normas sobre químicos son máis laxas e seguen comercializando uns 30.000 produtos asociados a doenzas e enfermidades como cancro de mama e testicular, infertilidade masculina, diabeite e obesidade.

Minaría salvaxe

Unha das grandes preocupacións dos colectivos que loitamos contra a minaría salvaxe é a creba hidráulica, máis coñecida como fracking, unha técnica consistente na inxección de produtos químicos a presión no subsolo para fender a rocha e liberar o gas ou o petróleo que almacenan e extraelos. O fracking está prohibido en Francia, Holanda, Bulgaria, Irlanda do Norte, Cataluña, A Rioxa, Navarra e Cantabria polos riscos ambientais que entraña, especialmente para as augas subterráneas, que adoitan a ser contaminadas e vólvense inservibles para consumo humano e animal ou para regar cultivos, e porque pode provocar terremotos. Ademais, a explotación por fracking esixe o acaparamento de grandes extensións de terra para as empresas, que implicaría a expulsión de labregos e labregas en vastas áreas. A pesares diso, o Estado Español legalizou esta técnica de extracción e simplificou os trámites para conceder licenzas. O fracking é unha práctica habitual que vén de vello nos Estados Unidos, onde as empresas do sector ven Europa como un xacemento virxe sen explotar.



Un tribunal especial para derribar as medidas protectoras dos países da UE

Se o ATCI prospera, á Unión Europea non lle vai quedar máis remedio que ceder en todo o devandito e moito máis, como a liberalización e privatización de servizos públicos, a perda de dereitos laborais, o alongamento das patentes privadas sobre medicamentos, etc. ¿Por que? Porque unha das pedras angulares dun tratado comercial desta caste é a inclusión dunha cláusula pola que calquera corporación pode denunciar ao goberno dun país se as leis deste danan os seus intereses. De feito, tanto os EEUU como a UE pretenden crear, con este tratado, unha especie de tribunal para resolver litixios entre inversores e países, que sería de ámbito supranacional e estaría por riba das leis e tribunais de cada estado: o Investor-state dispute settlement (ISDS).

Evidentemente, todo o que vimos sobre regulamento na etiquetaxe dos transxénicos, comercialización de carnes cloradas e hormonadas, uso de químicos nocivos para o medio ambiente e a saúde humana, prohibición do fracking, etc. danaría os intereses de empresas norteamericanas, polo que o acordo só pode ser posible se a Unión Europea cede; en caso contrario, e habendo tratado comercial, a UE ou o país que manteña estas normativas de protección tería que compensar economicamente ás empresas afectadas con millóns de euros do erario público.

Existen exemplos abondosos disto último en diversos tratados comerciais. Recentemente, a tabaqueira Philip Morris demandou a Uruguai e Australia polas súas leis antitabaco; en 2012,

a multinacional sueca Vattenfall, con 2 centrais nucleares en Alemaña, demandou ao Goberno xermano e sacoulle 3'7 billóns de euros por querer desmantelalas tralo accidente de Fukushima. A estadounidense Lone Pine Resources esíxelle 191 millóns de euros a Canadá como compensación á moratoria sobre o fracking que existe no Quebec. Arxentina, tras deprezar a súa moeda e conxelar os xuros sobre servizos básicos como enerxía e auga para atallar unha crise, enfrontouse a máis de 40 demandas legais de empresas afectadas ás que tivo que compensar con máis de 1 billón de dólares.

Este son uns poucos exemplos nos que se comproba o grao de desprotección dos gobernos e da cidadanía fronte aos intereses corporativos cando hai un tratado de libre comercio polo medio. Moitas organizacións de EEUU e UE, entre as que se atopa a Coordinadora Europea da Vía Campesina, están en contra do acordo e apostan por unha agricultura sostible. “Non queremos exportar o noso sistema agrícola e alimentario, que está enfermo” declarou Karen Hansen-Kuhn do Institute for Agriculture and Trade Policy (IATP). Para Camille Perrin, da Oficina Europea de Unións de Consumidores (BEUC) a principal ameaza do acordo é sacrificar “o principio de precaución, que é a clave do sistema europeo de protección dos consumidores”. Dende European Milk Board advertiron do perigo que supón para os produtores de queixo: “a calidade e a produción a pequena escala non poderá resistir as enormes distorsións da competencia que se darán no mercado”.

MARCHAS DA DIGNIDADE ▶ A capital do Estado vive unha das maiores manifestacións da historia, sen os partidos e sindicatos maioritarios, contra as políticas de austeridade

2 millóns de persoas asolagan Madrid para esixir pan, traballo e vivenda

O 22 de maio, o SLG formou parte da columna galega cunha concorrida representación encabezada pola súa secretaria xeral

En autobuses, trens ou coches particulares, sen esquecermos a comunidade galega afincada en Madrid, Galiza respondeu con creces ás Marchas da Dignidade. A capital do Estado viuse asolagada por unha marea humana vida dende todos os puntos da xeografía do Estado que roldou os 2 millóns de persoas.

A manifestación non estaba apoiada polos partidos políticos nin polos sindicatos maioritarios, polo que o meirande dos medios de comunicación tenta-



ron agachar a nova ou falseala minguando a estimación de asistencia. Eses mesmos medios informaron que a visita do Papa, en agosto de 2011, congregou na

praza de Cibeles e arredores un millón e medio de persoas; pero desta vez, coas Marchas da Dignidade confluindo na mesma zona e moito máis concorridas,

algún xornal como El País tivo o cinismo de reducir a asistencia a un vago “decenas de miles” e só publicar a fantasiosa cifra de 35.000 persoas achegada pola Delegación do Goberno. As 4.000 asistentes segundo Telemadrid xa non ten nome.

Tanto tivo. As Marchas da Dignidade serán lembradas como unha das manifestacións máis multitudinarias na historia do Estado, e poderán presumir de non ter sido mediatizadas por ningún partido político ou organización. Todos e todas quen alí estivemos, sabemos que quen saíu á rúa foi un pobo farto de tanto desgoberno, austericidio e inxustiza xeneralizadas para reclamar “pan, traballo e teito”.

Manifesto das Marchas da Dignidade

No 2014 atopámonos ante unha situación extremadamente difícil, unha situación límite, de emerxencia social, que nos convoca a dar unha resposta colectiva e masiva da clase traballadora á cidadanía e aos pobos.

Millóns de traballadores e traballadoras atópanse sen emprego. Ter unhas mans para traballar, ter unha carreira rematada, dispor da túa capacidade tanto manual como intelectual e non atopar un traballo digno é humillante. Estase a desperdiciar o talento colectivo dunha sociedade, hipotecando indefinidamente o seu futuro. Os traballadores e traballadoras non se merecen este atropelo á nosa dignidade colectiva.

Centos de miles de familias perderon a súa casa. Non hai nada máis inhumano que desalojar unha familia do seu fogar só para alimentar a voracidade insaciábel duns banqueiros sen escrúpulos. Banqueiros aos que os estados servos da Troika (Fondo Monetario Internacional, Banco Central Europeo e Comisión Europea) alimentan a custa de empobrecer aínda máis a clase traballadora e as persoas máis indefensas.

Mentres, a patronal, aproveitando o drama do paro masivo, aperta as caravillas coa rebaixa dos salarios e das condicións de traballo ás persoas que aínda teñen un emprego. Traballadores e traballadoras que, ante a difícil situación, non poden nin sequera cuestionar o seu papel de meros explotados/as polo capital. O sistema intenta obrigarnos a amosarlles agradecemento aos empresarios, convertidos polo sistema en benfeitores da sociedade. É hora de repartir o traballo e a

riqueza, e que as persoas traballadoras poidan sentirse donas do seu futuro.

A nosa mocidade non ten posibilidade de forxar un proxecto de vida digno coas actuais políticas e vese abocada a buscar a vida no estranxeiro como antes fixeron os nosos pais e avós.

Dicimos non a un sistema patriarcal que nos arrastra a épocas do pasado, roubándonos o dereito a decidir sobre os nosos corpos, negándonos a capacidade para decidir sobre se queremos ou non ser nais, provocando a volta aos fogares para dedicarnos á crianza.

Estamos sufrindo as políticas executadas polo goberno do PP ao dictado da Troika, consistentes no roubo de dereitos e o empobrecemento xeneralizado da maioría social. Estas políticas, que se fundamentan no pago dunha débeda ilexítima que non contraeron os cidadáns e cidadás, son produto da especulación bancaria e os excesos dos distintos gobernos.

Privatizan o rendíbel mentres nos recortan o orzamento en saúde, ensino, dependencia, transportes públicos, auga, enerxía, comunicacións, servizos sociais, etc., o que redunda negativamente nos nosos dereitos cidadáns. Rinse dos nosos maiores, que sofren unha enorme perda do seu poder adquisitivo, ao tempo que ven como os seus aforros de toda a vida están secuestrados pola estafa bancaria das preferentes e outros produtos financeiros delituosos.

O goberno do PSOE, co apoio do PP, modificou o artigo 135 da Constitución para lle dar prioridade ao pago da débeda fronte aos dereitos e necesidades das persoas. Xustificárono dicindo que

SEGUE ▶



A manifestación do 22 de marzo foi das máis multitudinarias que se lembran en Madrid, como se pode ver na imaxe da páxina anterior. Nesta plana, arriba, presentación en Compostela das Marchas da Dignidade, o 18 de marzo, e Diego Cañamero conversando con Xosé Ramón Cendán nun acto coa mesma fin celebrado na Coruña o 2 de marzo; abaixo, cabeceira da columna galega na marcha do 22M e bandeiras do SLG entre a multitude



viviramos por riba das nosas posibilidades e que había que ser austeros e, xa que logo, era imperativo recortar o déficit. No entanto, non houbo ningún recorte á hora de inxectar decenas de miles de millóns de euros para salvar os bancos e os especuladores.

Están aproveitando a crise para recortar dereitos. Estas políticas de recortes están a causar sufrimento, pobreza, fame e incluso mortes, e todo para que a banca e os poderes económicos sigan tendo grandes beneficios a expensas das nosas vidas.

Porque nos roubaron a liberdade. Ao capitalismo sóbralle as liberdades e os dereitos da maioría social. É un sistema que procura exclusivamente o beneficio privado duns poucos e que nos leva inexorabelmente a unha catástrofe medioambiental e social de alcance incalculábel.

Para a maioría social esta crise-estafa está a significar un xigantesco drama humano. Porén, para unha insignificante minoría supón un gran negocio. E cando se protesta, sempre obtemos a mesma resposta: a represión e criminalización do sindicalismo de clase e dos movementos sociais. É un sistema que precisa a represión para se manter e que debe ser superado coa loita na rúa.

A descomposición do réxime xurdido da Constitución do 78 faise evidente debido aos mesmos elementos presentes no seu nacemento, réxime que tivo lugar en contra do pobo, está rillado pola corrupción e non ten ningunha lexitimidade. Os dereitos e liberdades fóronnos roubados para favorecer os intereses dunha minoría e asegurar os seus beneficios, os mesmos que nos levaron a este estado de excepción social, a base de dismantelar a educación e a sanidade públicas, de reducir drasticamente as pensións dos nosos maiores, de se apoderar das nosas vivendas e de pechar empresas, e despedir milleiros de traballadoras e traballadores.

Os distintos gobernos sitúanse fóra da legalidade, converten en ne-

gocio os dereitos que tanto custou conquistar e sustentan a corrupción, un feito xeneralizado mais non independente do sistema económico, que forma parte da estrutura mesma desta sociedade e é indispensable para o seu desenvolvemento. Tanto os corruptores como os que se deixan corromper forman parte deste sistema inxusto de produción e distribución da riqueza.

Chamamos os pobos a que exerzan a súa soberanía, alzando a súa voz de abaixo arriba, democraticamente, para construír un proceso constituínte que garanta realmente as liberdades democráticas, o dereito a decidir e os dereitos fundamentais das persoas.

Dende a MARCHA DA DIGNIDADE 22M, consideramos que é importante artellar unha mobilización unitaria, masiva e contundente contra as políticas que atentan contra os dereitos humanos e a xustiza social.

Unha mobilización contra o pago da débeda, polo emprego digno, pola renda básica, polos dereitos sociais, polas liberdades democráticas, contra os recortes, a represión e a corrupción, por unha sociedade de homes e mulleres libres, unha mobilización contra un sistema, un réxime e uns gobernos que nos agreden e non nos representan.

Esiximos, xa que logo, que se vaian. Que se vaia o Goberno do PP e, tamén, todos os gobernos que recortan dereitos sociais básicos, todos os gobernos que colaboran coas políticas da Troika.

Por iso, facemos un chamamento a encher de dignidade e rebeldía a capital do Estado español, Madrid, o 22 de marzo. Ese día chegaremos columnas de todas as latitudes da Península a Madrid e convocamos aos madrileños e madrileñas a saíren á rúa e incorporarse a esa gran mobilización da maioría social.

PAN, TRABAJO E TEITO
Á RÚA, QUE XA É HORA"

FIN ■

XENTE NOVA ▶ Inauguramos unha nova sección dirixida a xente moza que está tomando o relevo nas granxas familiares ou incorporándose de novo. Así, queremos apoiar o proceso de articulación da mocidade dentro da nosa organización, para afrontar colectivamente o reto de que o noso agro teña futuro.

Mocidade labrega: a chave do futuro

E para comezar, imos compartir con vós anacos dun interesante artigo escrito por Jeanne Verlinden que se titula "*O futuro para a mocidade europea na agricultura*". O texto foi publicado, orixinalmente, na revista Soberanía Alimentaria de novembro de 2012*.

✓ A situación da agricultura e a PAC para a mocidade

Semella que non podemos falar de relevo e da incorporación dos mozos e das mozas en Europa sen falar da Política Agraria Común (PAC) e do modelo capitalista. Por que? Dende o seu comezo, a PAC tiña como obxectivo reducir o número de labregos e labregas ao tempo que se intensificaba o modelo agrícola. Co capitalismo, as súas normas e leis de mercado, chegouse ao modelo agrícola dominante deixando terribles consecuencias: as pequenas explotacións agrícolas case desapareceron; e nas que fican, a media de idade dos labregos e das labregas é de 55 anos, que non contemplan a posibilidade de traspasar a granxa a outras persoas. En definitiva, reducíronse as perspectivas para a xente nova que quere instalarse, destruíuse a agricultura labrega e a vida rural, dificultando a posibilidade de producir alimentos dun xeito sostible.

✓ O enlace internacional e a Vía Campesina

A realidade descrita, lamentablemente, compartímola con tódalas rexións do mundo, algunhas con moita máis poboación labrega pero, igualmente, cunha mocidade que, día a día, marcha do agro cara á cidade na procura doutro xeito de sobrevivir. No noso caso, a loita cons-



A xente nova foi protagonista da III Asemblea da Mocidade da Vía Campesina, celebrada do 8 ao 9 de xuño

trúese dendo o local cara ao internacional, por camiños diferentes pero cun obxectivo común: recuperar os nosos dereitos básicos de poder decidir quedar ou regresar ao campo, unha opción hoxe vetada. Esixi-

mos decidir como producir e alimentarnos, reivindicando o dereito á terra como paso cara á soberanía alimentaria.

Dende 2004, coa I Conferencia Internacional da mocidade da Vía Campesina, vimos traba-

llando todos e todas xuntas, compartindo os nosos problemas e solucións, experiencias do campo e da loita. E temos identificado as problemáticas comúns entre Europa e outras rexións, a saber:

Dificultades no acceso á terra, aos cartos, e a unha formación técnica alternativa

✓ **A falla de recoñecemento social dos labregos e das labregas e a imaxe negativa da agricultura.** Non se recoñece a nosa función fundamental: producir alimentos saudables e sostibles respectando e dinamizando o territorio.

✓ **O difícil acceso á terra, ás infraestruturas e ao financiamento para a instalación ou para seguir na explotación familiar.** En Europa cómpre destacar que moitos proxectos de instalación no campo veñen de xente nova da cidade que quere regresar ao campo e á actividade agrícola. Para quen non ten terras familiares, é moi difícil atopar un terreo para mercar ou alugar a prezos razoables. A pelexa coa administración para atopar apoios é constante, porque maioritariamente ésta pon atrancos. Son poucas, tamén, as fillas e fillos que continúan coa actividade familiar, entre

outras razóns porque se atopan con explotacións intensivas e moi endebedadas.

✓ **A formación.** É moi difícil atopar formación para os mozos e mozas que queren instalarse baixo outro modelo de produción. En tódalas partes ofrécese formación dirixida a unha agricultura industrial, produtivista e química sen relación ningunha coa agricultura sostible e fornecedora de alimentos que queremos desenvolver.

Se non queremos afrontar un futuro sen xente nova no campo e dunha agricultura sen campesiñado, coas terras acaparadas polo agronegocio nun modelo insostible... debemos avanzar xuntos e xuntas -campesiñado, mocidade, xente maior e a sociedade que queremos "outro mundo posible"- para facer posible o relevo e a instalación no agro con fórmulas de soberanía alimentaria.

*Este exemplar pódese consultar ou descargar a través de Internet no seguinte enlace: <http://revistasoberaniaalimentaria.wordpress.com>

DÍA INTERNACIONAL DAS MULLERES ▶ Masiva manifestación en Compostela contra a reforma regresiva da lei que regula no Estado a interrupción do embarazo

As mulleres reivindican no 8 de marzo o dereito ao aborto libre e gratuíto

O Sindicato Labrego Galego apoiou as mobilizacións como parte integrante da plataforma que as convocou

O Día Internacional das Mulleres de 2014 estivo inevitablemente marcado pola reforma da lei que regula a interrupción voluntaria do embarazo impulsada polo Ministerio de Xustiza. Así, á miríade de manifestacións e declaracións institucionais desa xornada sumouse, ao día seguinte, 9 de marzo, una multitudinaria manifestación que deu boa mostra do forte rexeitamento social que está a xerar a contrarreforma capitaneada polo ministro Ruíz Gallardón. Unha comitiva da Secretaría das Mulleres do Sindicato Labrego Galego apoiou a mobilización, do mesmo xeito que axudou no deseño e preparativos da mesma como integrante da Plataforma Galega polo Dereito ao Aborto, que era quen convocaba.

Previamente, o 8 de marzo, a Secretaría das Mulleres emitía un comunicado no que se unía “a tódalas organizacións e colectivos que están a sumar os seus esforzos para facerlle fronte ás constantes agresións que, dende os poderes públicos, se están a perpetrar sobre os mulleres”.

En primeiro lugar, a Secretaría das Mulleres criticou a Lei Gallardón: “Estamos en contra deste machadazo que pretende tronzar o noso dereito a decidir sobre os nosos corpos e as nosas vidas; negámonos a recuar aos tempos escuros da clandestinidade nos que era necesario delinquir e arriscar as nosas vidas se decidíamos non seguir adiante cun embarazo non desexado”.



✓ Rebelión contra os recortes que afectan ás labregas

De seguido, o comunicado fixo fincapé no impacto dos recortes nas labregas: “Rebelámonos contra a vaga de retalladas que están a demoler boa parte dos servizos sociais, sanitarios, educativos ou de axuda á dependencia dos que dependían e dependen a nosa calidade de vida e, en moitos casos, a nosa supervivencia. Cómpre denunciar, neste senso, que esas retalladas se están a cebar especialmente coas mulleres que vivimos no medio rural e que, decotío, sumamos ao traballo na explotación tarefas como o coitado da rapazada e das persoas maiores ou as obrigas do fogar. A forte suba en servizos como o dos comedores escolares ou das garderías fai que, moitas veces, os nosos fillos e as nosas fillas teñan que renunciar a un dereito do que se beneficiarían de vivir nunha vila; a demolición das axudas á dependencia deixa ás nosas persoas maiores sen asistencia; a inexistencia ou o



Dúas instantáneas das protestas a prol do dereito ao aborto do 9 de marzo: arriba, cabeceira da manifestación e, abaixo, comitiva do SLG na Praza da Quintana

peche da atención xinecolóxica nos centros de saúde rurais obrígannos a formar parte de interminables listas de espera ou a facer longas viaxes para poder ser atendidas; as condicións diferenciadas no campo dificultan aínda máis que as vítimas da violencia machista denuncien; a escasa implicación da Administración para promover a titularidade compartida

nas explotacións condena a moitas de nós a traballar sen os dereitos laborais máis básicos. Estas son algunhas das problemáticas máis salientables que fan de moitas de nós, labregas que vivimos e traballamos no rural, auténticas parias, escravas dun sistema que nos condena a ser as máis esquecidas entre as esquecidas da nosa sociedade”.

ENCONTRO ANUAL DA SECRETARÍA DAS MULLERES ▶ Celebrouse nos Ancares entre o 28 e o 30 de marzo e congregou un cento de labregas que, ademais, analizaron cuestións como a Lei do Aborto

A loita e as alternativas contra os recortes centran o X Encontro de Mulleres

Contou coa participación da feminista Nanina Santos e da avogada Celia Balboa e desenvolveuse en San Román de Cervantes

A décima edición do Encontro Anual da Secretaría das Mulleres do SLG elixiu como lugar de celebración a terra brava dos Ancares. Sobre as táboas deste escenario, entre o 28 e o 30 de marzo, un cento de labregas déronse cita para tratar e debater diversas cuestións no Centro de Desenvolvemento Rural (CDR) Ancares, en San Román de Cervantes. Inevitablemente, o meirande dos temas tratados confluíron no impacto que teñen os recortes no día a día das mulleres que viven no rural.

En canto ao programa, o venres pola tarde, a feminista Nanina Santos encargouse do relatorio *“O papel do feminismo nas nosas loitas”*. Esta primeira xornada rematou con dous actos de alto valor simbólico: un intercambio de sementes entre as participantes e unha cea con produtos cultivados e elaborados polas propias labregas participantes como expresión da nosa aposta a prol da soberanía alimentaria.

O sábado 29 de marzo comezou cun tema de actualidade da man da avogada Celia Balboa: *“Os posibles cambios a introducir na actual Lei do Aborto”* e, antes de xantar, a secretaria xeral do SLG, Isabel Vilalba Seivane, explicou os principais cambios que da reforma da Lei de Réxime Local.

A maiores, compartíronse as loitas das asociacións de pais e nais da montaña, coñeceuse a actividade do CDR Ancares, e visitáronse pallozas en Piornedo e a explotación de gandería ecolóxica de Olga Alba Alonso en Fonfría (As Nogais).



A fin de semana do X Encontro de Mulleres deu para moito. Nesta páxina, debates e intercambio de sementes; na seguinte, foto de familia e visita á explotación de Olga Alba Alonso en Fonfría (As Nogais)



Cando o aforro público e a loita contra o déficit se fan a costa da vida das persoas

Como xa dixemos, o impacto que están a ter as políticas de recortes na vida das mulleres do rural foi un dos problemas que xerou máis preocupación entre as asistentes, que cada vez vén máis importante o feito de ter cumprida información ao respecto e establecer alianzas con outros colectivos e organizacións sociais para obrigar aos gobernos a pór no centro das súas prioridades a vida e as necesidades das persoas.

Enma Rodríguez Blanco, da Plataforma en Defensa da Sanidade Pública, falou dos recortes sanitarios no rural. A asistencia sanitaria nas comarcas máis afastadas de grandes centros urbanos, coma os concellos arraianos de Ourense, foi un dos exemplos que máis impactou. Un caso de apendicite nun neno ou unha nena dunha parroquia de Valdeorras que precisa unha intervención cirúrxica de urxencia pode ser fatal pola falla de medios. Esa persoa terá que ir ao centro médico do Barco, de onde a mandarán ao hospital de Ourense, onde só hai quirófanos até as 14:00 horas. Fóra dese horario, hai que desprazarse a Vigo, a uns 300 quilómetros, con varias paradas que elevan o tempo investido na viaxe, que se pode prolongar moitas horas co grave risco que isto supón nunha persoa menor de idade. Tamén se viu con moita preocupación a tentativa dos gobernos de corromper aos profesionais da sanidade incentivando con primas o aforro en probas diagnósticas e medicamentos.

Os recortes en educación tamén foron tratados longamente, e para iso contou coa participación de Elvira Lombao, presidenta da Federación de ANPAS de Centros de Ensino Público da provincia de Lugo (Fapacel): diminución das becas, mingua nos cadros de persoal docente, peche de escolas, supresión de rotas de transporte escolar, encarecemento de comedores e garderías, etc. Todo iso fai que os nenos e nenas do rural partan dunha situación de desigualdade na súa formación e carga no lombo das nais, case sempre, tarefas que, até o de agora, eran competencia de centros escolares.

Para a secretaria xeral do Sindicato Labrego Galego, Isabel Vilalba, “existe unha dinámica de analizar os servizos unicamente polos custes, sen ter en conta se estamos en zona de montaña, se temos poboación envellecida, etc. Isto fai que a precarización de servizos de proximidade sexa cada vez maior e están deixando sen cobertura aspectos básicos para a vida das persoas que, no meirande dos casos, deben ser atendidos por mulleres”. Respecto disto, Isabel Vilalba puxo como exemplo a reforma da Lei de Réxime Local, coa cal “só os concellos con máis de 20.000 habitantes estarán dotados para prestar servizos básicos para a cidadanía como os sociais. Así, nas provincias de Ourense e Lugo, só as capitais poderán ofrecer este tipo de servizos, entre os que se inclúen os centros de información ás mulleres”.

SEGUE ▶



Alternativas: o exemplo do CDR Ancares



A responsable da Secretaría das Mulleres do SLG, María Ferreiro, destacou destes días de debates o encontro mantido con Amelia Amigo Santín, do Centro de Desenvolvemento Rural (CDR) dos Ancares, que falou de tódalas actividades que se realizan na zona para enfrontarse ao agudo despoboamento e recorte de servizos públicos que están a sufrir na montaña lucense. Grazas ao traballo voluntario, maioritariamente feito por mulleres, o CDR Ancares ten en funcionamento varios programas de actividades, tanto para a infancia, como para persoas adultas e maiores, que van dende actividades extraescolares, moitas veces dirixidas a aumentar a estima da rapazada polo medio no que viven; até apoio a diversos colectivos da zona poñendo á súa disposición as instalacións e recursos do Centro.

María Ferreiro fixo unha mención especial do Programa para Mulleres que están a levar a cabo dende o CDR, traballando moito na so-

cialización nun entorno onde a inexistencia de transportes públicos fai que moitas mulleres vivan illadas. "Así, grazas a este programa", explica María Ferreiro, "organízanse grupos de mulleres para reunirse con regularidade e facer xunta diversas actividades". Neste senso, María Ferreiro subliñou a colaboración entre o Sindicato Labrego Galego e o CDR Ancares, grazas á cal varias mulleres da zona obtiveron o carné de conducir, algo indispensable para rachar co illamento ao que se ven abocadas. Para decatarse da importancia que ten para as mulleres rurais dos Ancares poder dispor dun medio de transporte, hai que ter en conta que, para ir ao hospital en Lugo, deben percorrer case 200 quilómetros entre a ida e a volta; facer tratamentos médicos como radioterapia, para o cal hai que ir a Coruña ao carecer deste servizo o HULA, supón xa unha odisea que pode levar un día enteiro para unha sesión de ás penas 15 minutos.

FIN ■

Axudas a plan de reestruturación e reconversión de viñedos

Axudas aos plans de reestruturación e reconversión de viña en Galicia para 2014. Estas axudas aplicaranse ás superficies de viña destinadas á produción de uva para vinificación nas cales se realice algunha das seguintes actuacións: a) Reconversión varietal. b) Reimplantación de viñas. c) Melloras das técnicas de xestión de viñas.

O prazo para presentar as solicitudes remata o **24 de maio**.

Axudas para constituír Sociedades de Fomento Forestal

Esta orde ten por obxecto convocar para o ano 2014 as axudas para constituír e iniciar a actividade de sociedades de fomento forestal (Sofor) mediante convocatoria aberta en réxime de concorrència competitiva. Mediante esta orde convócanse dúas liñas de axuda:

O prazo para solicitar remata o **31 de xullo**.

Axudas para mercar tractores novos e achatar os vellos

Axudas para a compra de tractores novos achatarando os vellos, con máis de 15 anos, cunha serie de requisitos que aparecen recollidos no Real Decreto 147/2014 e dentro do Plan de Impulso ao Medio Ambiente para a renovación de tractores agrícolas "PIMA Terra". A finalidade destas axudas do Ministerio de Agricultura é renovar o parque móbil de tractores con vehículos novos que reduzan a emisión de CO2 e outras partículas contaminantes. O prazo para solicitar estas axudas estará aberto até o **23 de maio**. Máis información nas oficinas do SLG.

Aberto o prazo para solicitar primas de mantemento no sector forestal

Aberto o prazo para solicitar a prima de mantemento en frondosas caducifolias e primeiras forestacións de terras non agrícolas

O obxecto de esta orde é dar publicidade ao prazo de presentación de solicitudes de pagamento da prima de mantemento para o ano 2014, dos expedientes de axudas que foron conce-

didas para o fomento das frondosas caducifolias e de primeira forestación de terras non agrícolas de diversas convocatorias.

O prazo para a solicitude da prima de mantemento daqueles expedientes de axudas que tivesen dereito conforme ás bases establecidas estará aberto até o **29 de xuño**.

Axudas para a protección integral contra a violencia de xénero

A finalidade das axudas é proporcionarlles apoio económico ás mulleres que sofren violencia de xénero; a das indemnizacións previstas na lei galega é facer valer o dereito recoñecido por sentenza O importe desta axuda será, con carácter xeral, equivalente ao de seis meses do subsidio por desemprego vi-xente. Poderá ampliarse a 12, 18 e 24 meses de subsidio por desemprego se as vítimas cumpren requisitos que teñen que ver con ter familiares ou nenos e nenas ao cargo, minusvalías, etc. A contía máxima da indemnización establécese en 6.000 € por cada persoa beneficiaria.

O prazo para solicitar as axudas remata o **30 de novembro**.

Axudas por fillos e fillas menores de 3 anos

Esta orde só establece as bases polas que se rexerán as axudas por fill@s menores de tres anos, aínda falta outra orde que convoque as axudas, polo que se podes ser beneficiario ou beneficiaria deberás estar atento/a a esa convocatoria (podes ter cumprida información ao respecto na oficina do Sindicato Labrego Galego da túa comarca.

A prestación será de 360 € por cada filla ou fillo menor de tres anos. Poderán ser beneficiarias desta prestación aquelas persoas que teñan fillos ou fillas menores de tres anos en 1 de xaneiro de 2014 (nados entre o 2.1.2011 e o 1.1.2014, incluídos) e que, durante o ano 2012, nin elas nin ningunha das persoas que compoñen a unidade familiar estivesen obrigadas a presentar a declaración polo Imposto da Renda (IRPF) correspondente a este período, nin a presentasen de xeito voluntario aínda sen estar obrigadas a iso.

Axudas á apicultura

Axudas para o fomento de actividades destinadas a mellorar a produción e comercialización dos produtos da apicultura para o ano 2014. Subvencionaranse asistencia técnica, formación, divulgación, loita contra a varroase, racionalización da transhumancia ou seguros. Para o cálculo das axudas terase en conta o número de colmeas que as solicitantes teñen inscritas no Rexistro de Explotacións Apícolas de Galicia, segundo a declaración censual de 2013.

O prazo de solicitude remata o **13 de xuño**.

Compra - Venda - Troco

VENDAS

Véndense
-Becerras Limousin. Zona de Lugo.
☎685 884 257

Véndense
-30 rolos de herba seca na zona de Arzúa.
☎981 518 718

Véndense
-Rolos de herba seca.
☎659 213 085

Véndense
-Xovencas e vacas preñadas. Zona Betanzos.
☎659 741 964

Véndense
-Limpadora de trigo e centeo con motor.
-Muíño de tractor.
☎648 718 864 (Manuel)

Véndese
-Rotoempacadora Mascar seminova. Zona Pontedeume.
☎628 856 440

Véndese:
-Viño do país e Barrantes. -Augardente.
☎986 689 486 (Ana)

Véndese
-Fariña e gran de millo do país de distintas variedades. Cultivado en explotación agrícola en conversión a ecolóxico.
☎616 840 467 (Lola)

Véndese
-Autocargador picador POTTINGER Boss II,. Case novo, 30 m3 de carga. En Láncara (Lugo). 8.000 € negociables.
☎982 167 388 / 606 508 189

Véndese
-Cisterna Carruxo 7.500 con tubo de carga, tándem e depresor de 14.000. En bo estado.
☎981 699 226

Véndense
-Estendedor de herba marca Stoll.
-Segadora BCS con documentación.
-Segadora rotativa de 1.7 m de corte.
☎667 469 962

Véndense
-Xatas frisoas próximas ao parto. Probas de ADS feitas. Zona Portomarín.
☎697 422 304 e 982 034 032

Véndese
-Máquina malladora de ce-real, marca Campeba. Serve para limpar toda clase de cereais. Na zona de Touro (A Coruña).
☎981 191 327

Vendese
-Herba seca en rolos. No Corgo (Lugo).
☎659 341 116 (Xosé Luís)

Véndese
-Material de explotación de coellos por cese de actividade (Gaiolas, silos, extractores, tractor 100 horas...)
☎607 435 078

Véndese
-Depósito para o gasóleo, de 2.000 litros, con bomba e contador incluídos.
☎626 070 031

Véndense
-60 bolos de herba seca da New Holland.(Baralla, Lugo).
☎630 906 599

Véndense
-Vacas preñadas do país en Val Xestoso (Monfero).
☎981 196 848 e 650 608 307

Véndese
-Planta de horta producida con métodos ecolóxicos.
☎661 603 021 / 678 780 234

Véndense
-Vacas de 2 a 5 anos e xovencas.
-Espelidor Ausana X500.
-Autocargador rotativo e rotativa (1.80m) en bo estado.
Por peche de explotación en Abegondo.
☎627 981 309 / 981 669 250

Véndese
-Automóbil Seat Marbella en bo estado.
☎626 194 490

Véndese
-Caldeira de calefacción a gasóleo marca Ferroli.
☎696 004 515

Véndense
-Desensiladora de cazo marca Tenias, para usar como pa ou para enganchar nos brazos do tractor.
-Coche sen carné, en perfecto estado; prezo a acordar.
☎982 130 161 / 699 924 177 (preguntar por Toño).

Véndense
-Rolos de herba seca.
☎982 505 755

Véndense
-Desensiladora de bocado marca McHale, 1,60 de ancho e dous tipos de enganche: para pa e enganche traseiro.
☎699 396 665 (Xabier).

Véndense
-Tractor Deutz Fahr de 85 cabalos, dobre tracción. Acabado de reparar.
-Carro mesturador de 10 m. con pé hidráulico en perfecto estado.
☎982 183 019 e 628 785 466

Véndese
-Rotoempacadora Ford en bo uso e a bo prezo.
☎689 752 400

Véndense
-2 vacas cachenas en As Nogais (Lugo).
☎616 006 686

Véndense
-30 rolos de herba seca, na zona do Corgo (Lugo).
☎982 176 748

Véndense
-Tractor Same Laser (o mais alto da gama), con motor rectificado hai dous anos (traballou para unha soa explotación), rodas novas, kit de embrague e maza novos. Admítese calquera proba mecánica.
-Arado de 4 regos marca Kuhn. Tan só 3 campañas na mesma explotación.
☎677 625 245 (comarca de Arzúa).

Véndese
-Xerador eléctrico de 625 W.
☎689 752 400 (O Corgo).

Véndense
-2 cabras con carta branca. Zona Valdoviño.
☎629 688 269

Véndese
-Opel Corsa Enjoy CDTI 90 CV. Moi coidado, sempre en garaxe e cunha única propietaria. Ano 2008. Tódolos extras. Control de velocidade, mans libres, 6 velocidades, etc. 170.000 Km. Cor negra. Nunca tivo un golpe.
☎626 194 490 (Katia)

Véndese
-Vaca.
-Viño do país e Barrantes.
☎986 689 486 (Ana).

Véndese
-Tractor Ebro 460, con pa e cabina.
☎660 811 411

Vendénse
-Porcos cebados con produtos da casa
-Augardentes tostadas e de herbas.
-Viño do país branco e tinto.
-Gran de millo.
☎986 58 69 16 (Xosé)

Véndense
-Tractor Fiat 980 ST de 98 CV.
-Cisterna 7.500 litros e 1 eixe.
-Fresadora Agrator 2 m de traballo.
-Rotativa de 2 campás e 2.10 m de traballo.
-Angazo PZ.
-Esparexedor de esterco JF.
-Rulo de calcar os prados.
☎657 757 184.

Véndese
-Tractor Pasquali 991 (22 CV) con remolque, fresa e veso. En bo estado, motor revisado, acabado de pintar e rodas novas. Prezo 7.000 €. Compostela.
☎636 680 519 (Daniel. Chamar de 13:00 a 15:00 horas).

Véndense
-Cisterna de 5.000 litros con apertura hidráulica, depresor de 5.000 e roda alta de camión.
-Chimpín de obra, con basculante.
-3 vacas e 5 xovencas de raza Azul Belga, por cese.
☎626 315 059 (Xosé Luís)

Véndense
-Bolos de herba seca. Zona de Betanzos.
☎629 763 395

Véndense
-Vacas de leite, xovencas e becerras pequenas por xubilación. Boa xenética. Control leiteiro. Na zona de Lugo.
☎982 160 949 (mediodía).

Véndense
-Picador Strautmann.
-Tractor Barreiros 70-70
-Ringleirador Inmalaroca de 9 brazos (2 campañas).
Todo en moi bo estado.
☎690 774 565 / 982 160 116

Véndense
-Tanque-cisterna de frío de 3.500 litros de capacidade con lavadora automática. Marca Serap.
-Cisterna de xurro con carga lateral de 6.000 litros.
☎626 218 570

Véndese
-Herba seca de boa calidade en Abadín (Lugo).
☎982 178 970

Véndense
-30 rolos de silo e 20 de herba seca.
-Xato Limousin de 9 meses.
☎649 147 614 (zona Lugo)

COMPRAS

Mércase
-Muíño de tractor.
☎677 625 245

Mércase
-Remolque para coche de 2 eixes e 2,50 m. de largo como mínimo.
☎626 194 490

Alúganse
-Invernadoiros na zona de Valdoviño.
☎629 688 269

Búscase
-Casa para alugar que teña cortes de tamaño medio para o gando nas provincias de Lugo ou A Coruña.
☎698 287 698

EMPREGO

Búscase
-Traballador/a con coñecementos en vacún de leite para explotación de gandería en Raión (Grixalba, Sobrado dos Monxes, A Coruña).
☎659 869 548 (preguntar por Xosé Miragalla).

Ofrécese
-Persoa con experiencia para traballar en explotacións da comarca do Deza.
☎645 448 300 (Luis)

Búscase
-Persoa para explotación agraria. Imprescindible carné de conducir e experiencia con maquinaria. Na zona de Teixeiro.
☎653 781 267

Ofrécese
-Traballador para explotación agraria. Persoa seria e responsable. Dispoñibilidade total de horario e desprazamento. Para Cesuras e concellos da zona.
☎676 960 087



Para poder anunciarse nesta sección cómpre estar afiliad@ no SLG e comunicar o anuncio a través da súa oficina sindical máis achegada. Os anuncios publícanse durante tres números consecutivos, ao cabo dos cales quitaranse. En caso de que @ anunciante quixera seguir mantendo o seu anuncio, ou para realizar calquera modificación do mesmo, debe poñerse en contacto de novo coa súa oficina sindical para facelo.

Aínda que traballaba dacabalo entre Lugo e As Nogais, Olga Alba Alonso tivo que regresar, hai doce anos, a coidar dos seus maiores e rexentar a explotación que foi o sustento da súa familia dende tempo inmemorial en Fonfría, no monte nogaleño. De aí a dedicarse en exclusiva á cría de cachenas en réxime ecolóxico non había pasar moito tempo, aínda que os recortes e o esquecemento da administración fan que estea a pensar de novo na busca dun traballo complementario na vila.

“Despois do que traballamos, non me dá a gana de tiralo todo e deixalo”

✓ Por que vacas cachenas?

Elixín a raza cachena porque nesta zona de montaña a orografía é moi costenta e elas adaptaciónanse moi ben a este tipo de terreo e clima. Nacen no medio da neve e críanse sen problema. Son vacas moi mansas, con partos doados que non requiren da presenza dun veterinario. En canto a producir en ecolóxico, eu aposto por unha alimentación natural, tanto para min como para o gando.

✓ Así e todo, non debe ser doada a gandería nesta zona de montaña.

Non é doado e, por riba, isto vai de mal en peor. Estou decidida a traballar fóra porque agora, co recorte das axudas, é imposible dedicarse á gandería como eu me dedico, en ecolóxico e con cachenas. Agora mesmo, criar cachenas está ben para que limpen o monte e para venderlle aos teus amigos unha carne de moi boa calidade; pero a cousa non dá para vivir.

✓ Pensas que a administración está a apoiar suficientemente este tipo de producións ecolóxicas e con razas autóctonas?

Cada vez menos. No meu caso, eu vendo a prezo de convencional, pois non dou atopado un mercado para a carne ecolóxica. Véndolle becerros aos meus amigos e amigas, que mercan por amizade e porque levan unha carne moi boa. Nestas zonas de montaña, hai pouca diferenza de calidade entre a carne producida en ecolóxico e a convencional. A única diferenza na cría, é que o meu veciño lle dá catro sacos de triturado a cada becerro antes de vendelo para que engorde, pero no resto é igual: pasteiros naturais nos que non se botan químicos nin zuros. Prezos semellantes aos da carne convencional non compensan as desvantaxes comerciais de criar cachena en ecolóxico, coas que produces menos carne.

✓ E, por riba, están a recortar cada vez máis as axudas a explotacións como a túa.

No meu caso, a indemnización compensatoria de montaña (ICM) non puiden cobrala por rescatar os cartos dun plan de pensións privado para poder pagarme o dentista. En canto ás axudas que me daban por producir en ecolóxico, xa non as teño. Polo menos, este ano vou ser das poucas que vai seguir cobrando as subvencións á cría de razas autóctonas. Se tes unha PAC boa e dereitos suficientes, podes ir trampeando. Pero eu disto teño pouco, pois na miña casa só había 5 dereitos e foron os que se conservaron.

✓ Notas moito eses recortes?

A miña explotación sen axudas é inviable. Ninguén, nas miñas condicións, pode sobrevivir sen axudas. Supón que logro vender 15 becerros ao ano. Cada becerro de cachena pesa entre 80 e 90 quilos, como moito 100. Eu véndoos a 6 euros o quilo, pero descontados o matoiro e o transporte, quédanme 5 limpos. Un becerro dáme entre 400 e 500 euros, polo que nun ano que venda 15, ingresarei entre 6.000 e 7.500 euros. A iso sácalle uns 3.000 euros de Seguridade Social, os gastos da explotación, o gasóleo, etc. a ver o que che queda.

✓ O que contas non anima moito a criar gando de raza autóctona...

É unha mágoa que, con todo o que se leva loitado para recuperar razas como a cachena, agora vaíamos cara atrás. Cando comecei, estaban en pleno auxe. Agora, como o meirande das explotacións deixaron de cobrar axudas, volveron mercar touros doutras razas para cruzar, como Limousin ou Blonde de Aquitania. Así, con partos igual de doados, os becerros medran máis e acadan sobre 140 quilos, co cal a ganancia é maior. Así, volveremos quedar sen razas autóctonas. Pero eu resístome a facer iso.

✓ Como afrontas o futuro nesta situación?

Agora mesmo, estou buscando un traballo a tempo parcial fóra da explotación para ter máis ingresos e seguir tendo tempo para coidar dos animais. O que teño claro é que despois do que temos investido en maquinaria e instalacións, despois do que temos traballado en sacar isto cara a adiante, non me dá a gana de tiralo todo e deixalo. Mesmo aínda que me saia un traballo a tempo completo, eu con vacas vou quedar igual.

✓ Daquela, algo bo terá a vida que levas para seguires aquí, en Fonfría.

A principal vantaxe é que aquí non che ronca ninguén. Estás na túa casa e estás a gusto. Comes natural, estás cos teus animais... Eu aquí son feliz. Aínda que sigamos coa cociña de leña e non poidamos acender a calefacción de gasóleo, non hai nada que bote de menos coa vida que levo.



Olga Alba Alonso compartiu coas participantes no Encontro Anual da Secretaría das Mulleres os quefaceres diarios na súa explotación